

TRASVÁLBA

02
Número





FUNDACIÓN
**OTERO
PEDRAYO**

EDITA
Fundación Otero Pedrayo

CONSELLO EDITORIAL
Eduardo López Pereira
Patricia Arias Chachero
Xosé Antonio López Silva

DESEÑO
cristinazzdesign

MAQUETACIÓN
Pablo Gutiérrez

REVISIÓN ORTOTIPOGRÁFICA
Laura Moreno González

ANO DE EDICIÓN
2025

IMPRENTA
Obradoiro Gráfico

ISSN
3045-9494

<http://fundacionoteropedrayo.org>

04	Henrique Monteagudo. Presidente de Honra da Fundación Ramón Otero Pedrayo. “Romaría a Trasalba”
05	J. Eduardo López Pereira. Presidente da Fundación Ramón Otero Pedrayo. “Albricias polo Ano Oteriano 2026”
07	HEMEROTECA. ESPECIAL QUINCUAXÉSIMO ANIVERSARIO DO FINAMENTO DE JOSEFINA BUSTAMANTE
08	Xosé Antonio López Silva. “Achega a unha fotobiografía de Josefina Bustamante”
22	Xosé Isorna. “Homilía da Festa das Bodas de Ouro do casamento de R. Otero Pedrayo”
28	Maribel Outeiriño. “Los cincuenta años de matrimonio de doña Josefina y don Ramón”
31	Xosé Isorna. “A muller que deixa herdanza...”
37	ARTIGOS ACADÉMICOS
39	Patricia Arias Chachero. “Manuel Pedrayo Valencia”
48	Borja Blanco Babarro. Andrea Estévez Álvarez. “Dedicatorias a Ramón Otero Pedrayo: unha achega”
67	Andrea Mosteiro Sangiao. “Prácticas epistolares e construción do canon literario. Anisia Miranda Fernández e Ramón Otero Pedrayo”
77	PREMIO ANUAL OTERO PEDRAYO PARA ESTUDANTES DA ESO E BACHARELATO
78	PREMIADOS
79	José Nicanor Alonso Álvarez. “O rostro de Galicia”
83	NORMAS DE ENTREGA DE ORIXINAIS PARA PUBLICACIÓN Revista Trasalba. Fundación Otero Pedrayo

Romaría a Trasalba.

HENRIQUE MONTEAGUDO

Presidente de honra

O 4 de abril de 2025 tiven a honra de ser escollido Presidente da Real Academia Galega. No discurso que pronunciei ante o pleno da institución fixen referencia á aprendizaxe que supuxo, para min, formar parte da Academia nas súas distintas comisións executivas e órganos de goberno: unha experiencia que me axudou a comprender aínda máis que se espera de nós, a valorar a relevancia social do papel da RAG e a entender como debe relacionarse coa cidadanía, cos distintos colectivos e coas demais institucións do país.

Segundo establecen os estatutos da Fundación Otero Pedrayo, correspóndeme, como Presidente da RAG, exercer tamén a presidencia de honra desta entidade dedicada á memoria e ao estudo dunha das figuras maiores da cultura galega. Asumir esta responsabilidade permíteme facer práctica esa angueira colectiva e tamén concretar e continuar un traballo que considero esencial: preservar, investigar e transmitir un legado que segue a ser un tesouro para a Academia e para o conxunto da sociedade galega. Fágoo, pois, con sentido da responsabilidade e coa plena conciencia da relevancia que Ramón Otero Pedrayo conserva hoxe como mestre, referente intelectual e símbolo da nosa tradición cultural.

A *Revista Trasalba* é un instrumento fundamental ao servizo deste cometido. Este novo número ofrece unha contribución significativa á mellor comprensión do universo humano e intelectual que arrodeou a Otero Pedrayo. A recuperación de materiais hemerográficos vencellados a Josefina Bustamante, “Fita”, no cincuenta cabodano do seu pasamento, enriquece con documentos de grande interese o coñecemento dun ámbito esencial da biografía do escritor e rende xusto homenaxe á que foi compañeira de vida e apoio constante de Otero Pedrayo durante máis de medio século. Xunto a esa sección, o volume incorpora estudos que afondan en relacións persoais, traxectorias culturais e correspondencias reveladoras, ben como traballos que achegan novas perspectivas sobre a súa obra literaria e ensaística. Engádense, ademais, os apartados dedicados aos premios promovidos pola Fundación, que contribúen a estimular a participación e a formación das xeracións máis novas, un aspecto no que a RAG e a Fundación Otero Pedrayo consideran unha abordaxe esencial para as institucións culturais do noso país.

A consolidación desta revista confirma o labor serio e constante que a Fundación desenvolve, ano tras ano, na preservación, investigación e divulgación do legado oteriano. A proximidade do ano 2026, declarado pola Xunta de Galicia como Ano Ramón Otero Pedrayo, ofrecerá un marco idóneo para intensificar este labor e debe servir para promover unha lectura renovada da súa obra e do seu pensamento e unha maior difusión popular da súa figura e a súa produción literaria. Este número sitúase, así, nunha etapa de especial proxección, na que a memoria de Otero debe ser obxecto dun esforzo colectivo de revisión, actualización e posta en valor na Galicia do século XXI. Esa tarefa insírese tamén na defensa da cultura e da lingua galega, un compromiso esencial da Real Academia Galega que, ademais, asumín de maneira persoal ante a institución e ante a cidadanía.

Quero deixar constancia do meu recoñecemento ao Padroado da Fundación e ás persoas que fan posible esta publicación, polo seu compromiso co rigor, coa continuidade e coa dignidade que merece unha figura central da nosa tradición cultural. A *Revista Trasalba* confirma, número a número, o papel insubstituíble que desempeña na transmisión e actualización do legado de Ramón Otero Pedrayo.

Albricias polo Ano Oteriano 2026.

J. EDUARDO LÓPEZ PEREIRA

Presidente da Fundación Otero Pedrayo

“... y burla burlando van los dos delante”, así remata o verso final do primeiro cuarteto do soneto que Lope de Vega compuxo para Violante. Con fina ironía, como sen esforzo e aparente improvisación, Lope deixounos un dos exemplos máis sobresaíntes de metapoesía española.

Pois así, como se non supuxera unha grande tarefa e un coidado rigoroso e meticuloso, Xosé Antón López Silva, foi compoñendo este segundo número da revista Trasalba, como se fora cousa doada acadar a participación de tantos autores que aportaron os seus artigos e preparar logo este ben elaborado exemplar.

Para min, como presidente da Fundación Otero Pedrayo, foi todo un reto sacar á luz unha idea que viña maquinando desde facía moitos anos. Atopei en Xosé Antón e en Patricia Arias Chachero, secretaria desta Fundación, os mellores colaboradores posibles, e foi así como, fai un ano, saíu o primeiro número e, xusto un ano despois, tal como foi concibido este proxecto, xa temos nas mans a través das novas tecnoloxías o segundo número.

Rematamos, pois, o ano 2025, con moita ilusión polos obxectivos acadados e o novo impulso dado ás actividades desenvolvidas e multiplicadas cada ano pola Fundación, coa extraordinaria implicación da guía desta casa, Andrea Estévez, feita xa unha completa oteriana, que puxo a Don Ramón na rede, pois non hai feito destacado ou rescatado da vida e obra do Patriarca das Letras Galegas que non estea a información pública, tanto no Facebook como en Instagram. Todo isto non fai máis que impulsarnos e confiarnos no que nos agarda para o próximo ano 2026. Como xa foi anunciado polo Conselleiro de Cultura, será ano oteriano por cumprirse os cincuenta anos do seu cabodano e os cen da publicación por primeira vez da *Guía de Galicia*, obra admirable e non superada aínda hoxe pola súa visión da paisaxe. Algo que todo o mundo considera un grande valor no momento actual, pero que non era así daquela, no 1926, cando Otero ollaba a Galicia como a terra nai, coma un espazo vital no que se modela a sensibilidade galega, resultado da contemplación da paisaxe dispersa polas aldeas, polos rúas antigos, polos ríos e os montes, polos santuarios froito da relixiosidade popular, e aínda poderíamos continuar.

Un abano de actividades serán desenvolvidas ao longo deste ano 2026, desde a reedición da *Guía de Galicia*, ata a publicación completa dos artigos que Otero Pedrayo escribiu en “La Región”, ademais da edición, por fin, da *Coroa poética* a Otero Pedrayo, que con ilusión propia da xuventude preparou o noso padroeiro Xesús Alonso Montero, e das cartas entre Otero Pedrayo e Ramón Piñeiro, que se compromete a editar a Real Academia Gallega.

Claro que non so teremos que lembrar edicións, senón outras novidades xa consensuadas para este ano, que van desde o roteiro en Compostela seguindo o *Purgatorio de Don Ramiro*, conto oteriano máis profundo do que a primeira vista pode parecer, pasando por material audiovisual, exposicións itinerantes, edicións didácticas para escolares, etc. etc. Hai algo máis e que quedará para sempre neste pobo de Trasalba, desde onde Don Ramón albiscaba o monte de Novelle, co “seu pico de moucho” que contemplaba aos seu pés os ríos Miño e Avia e a capital do Ribeiro, Ribadavia. Como será isto posible? Coa construción dun miradoiro, que xa ten nome: **Bocarribeira de Otero Pedrayo**. Porque só desde alí se entende que é bocarribeira para Otero Pedrayo. Preguntoullo nunha ocasión, por carta escrita o 23 de febreiro de 1954, Carballo Calero a Otero Pedrayo: “Quixera saber unha definición do concepto xeográfico de *bocarribeira*, tan utilizado por vostede”. Pero non se coñece resposta. Desde este miradoiro será fácil entender o que Otero quixo expresar con ese termo creado por el e que hoxe de uso común en todos los ambientes culturais de Galicia





HEMEROTECA

**ESPECIAL QUINCUAXÉSIMO
ANIVERSARIO DO FINAMENTO
DE JOSEFINA BUSTAMANTE**



“Vine triste porque me pareció que tú también lo estabas”¹

ACHEGA A UNHA FOTOBIOGRAFÍA DE JOSEFINA BUSTAMANTE

Xosé Antonio López Silva

Josefina Bustamante Muñoz, coñecida o ámbito doméstico como Fita –ou, nun rexistro máis formal, como Dona Fita–, veu ao mundo en San Vicente de Toranzo (Santander) ás dúas da madrugada do 27 de setembro de 1898. Foi bautizada como María Josefa o 30 de setembro na parroquia de S. Andrés Apóstol². A súa familia mantiña historicamente continuados vencellos co Val de Pas e, de modo particular, con esa localidade montañesa de San Vicente de Toranzo, onde dispuña dunha das súas residencias habituais, xunto coa que capital provincial.

Fita foi unha das trece crianzas nadas do matrimonio formado por Valentín Bustamante MacGregor e Maximina Muñoz Amat. Porén, dos numerosos fillos do enlace só cinco alcanzaron a idade adulta: Valentín Rigoberto, Luís, Josefina, Francisca e Elvira Bustamante Muñoz –esta última, dez anos menor ca Fita. O pai, Valentín Bustamante, falecería en 1907, cando Josefina Bustamante contaba nove anos; pola súa parte, a nai, Maximina Muñoz Amat, natural da localidade cubana de Güira de Melena, finaría en 1935. A rama paterna da familia botara raíces nesta localidade a finais do século XIX. A avoa de Josefina por esta liña, Francisca MacGregor y Núñez de Castro estableceuse en San Vicente tras chegar de Campeche (México), cidade na que se asentara a familia MacGregor trala emigración do seu pai, John Louis MacGregor Legaré, desde Charleston (Carolina do Sur, Estados Unidos). En Campeche prosperou dedicándose ao comercio e á explotación de asteiros na illa del Carmen.

¹ Epistolario Joseina Bustamante–Ramón Otero Pedrayo. Carta sen data, Fundación Penzol, arquivo 602-0336.

² Fundación Penzol, CA-0655/001/004. PI. Certificado de bautismo de Josefina Bustamante Muñoz, dado en San Vicente de Toranzo por Felipe Velázquez Sáez 1922/12/17.

John Louis —castelanizado habitualmente como Juan Luis MacGregor—, nado en 1785, contraeu primeiro matrimonio con María Felicitas Carolina Escofiet, o 6 de agosto de 1808, na igrexa do Dulce Nombre de Jesús, de Campeche. Desa unión naceu unha filla, Ana MacGregor Escofiet. Tras quedar viúvo, John Louis MacGregor casou en segundas nupcias con Juana Núñez de Castro, coa que tivo trece descendentes: Juan, María, Dolores, Amada, Alejandro, Pedro, José, Eduardo, Enrique, Francisco, Susana, Isabel e a máis nova, Francisca MacGregor Núñez de Castro, posteriormente avoa de Josefina Bustamante. Pola parte materna, os seus avós eran Bernardo Muñoz, natural de Prades, e Ignacia Amat Fuentes, orixinaria precisamente de Güirra de Melena.



Josefina Bustamante c. 1915

A traxectoria vital de Dona Fita insírese, pois, nun complexo entramado familiar de ampla dispersión xeográfica —entre América e Europa—, representativo das dinámicas migratorias e de mobilidade social das elites económicas hispanoamericanas e castelás de finais do século XIX, coas que a familia Bustamante-MacGregor mantivo vínculos significativos e duradeiros.

Josefina Bustamante casou con Ramón Otero Pedrayo o 6 de agosto de 1923, na Igrexa de Santiago de San Vicente de Toranzo, cando el era catedrático no Instituto de Santander, tras conseguir permutar a praza que orixinariamente obtivera en Burgos³. Fita e Otero Pedrayo coñecéronse nun paseo⁴, unha actividade que adoitaba realizar o xove catedrático Otero e a que sempre foi moi afeccionado⁵



Josefina Bustamante c. 1925

3 “Por fin saín catedrático no ano 1919. Tiña que elixir entre Burgos, Castellón e Cáceres. Elexín Burgos e máis tarde permutei por Santander. Alí coñecín á miña porbre compañeira, a que me fixo a felicidade da miña vida, porque, todo esto que estou contando non é nada comparado coa felicidade maravillosa que me proporcionou a miña muller. Santander gustoume moito”. Outeiriño, 1988.

Otero, efectivamente, tomara posesión no instituto de Burgos en marzo de 1919, tras aprobar a oposición en febreiro dese ano. O 11 de marzo de 1919 é nomeado catedrático numerario. Doce días despois toma posesión no Instituto de Burgos, cun soldo anual de 4.000 pesetas. Neste centro cesará o 30 de xuño de 1919. O 18 de xullo dese mesmo ano permuta a praza por outra no Instituto de Santander. (Arias Chachero & Arias Martínez: 2007: 283)

En xullo de 1924 consegue a permuta con Santander, onde dará clase ata que consegue obter praza definitiva no instituto de Ourense, incorporándose o 1 de outubro de 1921 ás aulas da cidade das Burgas. Polo tanto, o noviazgo con Josefina Bustamante foi, durante os dous anos seguintes, ata o seu matrimonio, unha relación a distancia.

4 Outeiriño, 1988

5 Arias Chachero & Arias Martínez: 2007: 288, carta 154.

O noviazgo foi demorado. Chama a atención, con todo, que Otero tarde en facer mención escrita de Fita á Dona Eladia, e aínda así dun xeito algo elusivo, que demostra que a relación amorosa foi tema de conversa entre nai e fillo máis que de escrita:

Santander, 4-II-1921

Adorada mamá,

Hoy no hay correo. Todavía estoy en el Hotel porque no encuentro lugar apropiado. Esta tarde continuaré buscando.

Hace buen tiempo. Escribo á Ricardo. Ya te habrás estrenado con los disgustos de la aldea, en medio de todo la vida sin campo es un poco tonta. Ya falta poco para que vivamos en compañía. Mi novia está tristísima con lo del traslado y no sabe que le aguardará en el porvenir. Te quiere cada día mas tu hijo

Ramón (Arias Chachero & Arias Martínez: 2007: 299-300)

Tanto foi o disgusto de Fita pola marcha anunciada de Pedrayo, que tivo que gardar cama⁶ Otero tiña claro que a permuta con Ourense era o seu obxectivo case desde que obten a praza de catedrático. A dous anos de aprobar a oposición, decláralle precisamente á súa nai que coa permuta conseguida “comienzo así mi nueva vida orensana a los 33 de Cristo, y ojalá no sea el comienzo de la Pasión⁷”. O 1 de abril de 1921 tomou posesión en Ourense e no curso 1921-1922 inicia xa a estancia definitiva na cidade das Burgas. O habitual intercambio epistolar entre os noivos durante os periodos vacacionais de Pedrayo, nos que indefectiblemente regresaba a Galicia, convertírase nunca constante ata a celebración do enlace.



Con Dona Eladia c. 1930

6 Arias Chachero & Arias Martínez: 2007: 301, carta 166: “tuvo que irse a casa para arrojar la comida y estuvo todo el día en la cama”)

7 Arias Chachero & Arias Martínez: 2007: 302, carta 167.



Fita c. 1925-1930



Nunha misa c. 1945



Josefina Bustamante, Otero e a irmá de Josefina c. 1946



En Santander, 1948

Sen lugar a dúbidas, tivo que haber, como era preceptivo entre familias da alta burguesía, algún coñecemento familiar previo á cerimonia, pero non dispoñemos de constancia documental dela. En calquera caso, Josefina Bustamante, profundamente namorada, tivo claro desde primeira hora que o seu lugar estaba onde desexase residir o seu esposo. A especial relación e apego entre Pedrayo, orfo do pai aos catorce anos, coa súa nai, facía inviable calquera opción que non fose vivir en Galicia e en particular, nos lugares familiares de Ourense e Trasalba.

A viaxe de noivos realizouse durante todo o restante mes de agosto de 1923. O matrimonio volveu a recorrer lugares que en certa medida, formaban parte do acervo xeográfico de Pedrayo, quen en 1905 recorrera o Mar do Norte xunto co seu tío Ricardo⁸. Agora engadíase, non obstante, ao recorrido por Bélxica (Bruxas, Bruxelas e Gante), a cidade de París⁹.

En setembro de 1923 o matrimonio instálase en Ourense, na residencia do número 25 da Rúa da Paz con visitas constantes á residencia familiar e lugar de Dona Eladia, a Casa Grande de Cimadevila. Otero e Josefina Bustamante adoitarán pasar o mes de agosto en Santander, malia que el declara preferir o espazo galego de Trasalba:

(...). Yo estoy por complacer a Fita cuyo amor por la familia es del todo maternal pero para otro año ya veremos. A mi me gusta Galicia; el extranjero aunque sea viaje rápido y hasta Madrid. Es decir sitios donde se pueda disfrutar y aprender algo conforme a mi espíritu filosófico y un poco idealista. (Arias Chachero & Arias Martínez: 2007: 329, carta 188, 5-IX- 1926)

Despois do establecemento de Fita en Ourense tras o matrimonio, a vida da parella xirará arredor do traballo e das ocupacións de Otero, centrado na súa propia construción como intelectual de referencia en Galicia. Este proceso levouno tamén a acentuar un compromiso público que se intensificará coa instauración da República e a súa entrada na vida política. Con todo, o matrimonio procurou manter unha vida social activa por Galicia, e un círculo constante de amizades, ao que concedían unha atención sincera e cordial.

O propio Otero Pedrayo describiu o seu matrimonio como moi feliz, caracterizado por unha fonda compenetración entre ambos, pois —como el mesmo afirmou sobre Fita—: “ela soubo sentir comigo os fenómenos i os problemas de Galicia¹⁰”.

A vida de Fita xunto a Otero estivo marcada polo seu papel de compañeira e apoio constante, tanto no ámbito íntimo como no doméstico, preocupada con amorosa dedicación polo coidado e o benestar do seu marido. Nas cartas sempre será frecuente ese xesto tenro e atento, ese estar pendente do outro, como cando ela lle escribe: “Vine triste porque me pareció que tú también lo estabas”.

8 Arias Chachero & Arias Martínez: 2007: 19.

9 Arias Chachero & Arias Martínez: 2007: 312-313, carta 174.

10 Outeiriño, 1988.



Cunha amiga c. 1950



Con García Sabell e Ramón Plñeiro c. 1950



Na despedida do instituto de Ourense, 1950



Na Praza do Toural,
Santiago de Compostela,
c. 1950



Josefina na rúa c. 1950

A figura de Dona Fita, como a da maior parte das mulleres dos intelectuais do Grupo Nós, quedou, en todo caso, practicamente confinada ao ámbito familiar e de acompañamento social. Porén, malia a súa escasa presenza pública, sabemos que formou parte das Irmandades da Fala de Ourense, un dato relevante se consideramos que é tamén en xaneiro de 1924 —poucos meses despois do casamento— cando Otero se vincula de xeito máis profundo tanto coas Irmandades como co seu xornal, *A Nosa Terra*, no que inicia unha colaboración regular.

Do mesmo xeito, Josefina Bustamante foi tamén un apoio intelectual máis importante do que a súa modestia lle permitía recoñecer. Un exemplo significativo é a súa colaboración con Otero, en 1968, na lectura dos vinte orixinais presentados ao concurso literario de novela organizado por Bibliófilos Gallegos, no que resultou premiada *A xente da Barreira*, de Ricardo Carballo Calero¹¹.

A presenza pública de Fita estivo, xa que logo, sempre ligada ás actividades sociais, culturais e institucionais do seu esposo. En moitos sentidos, Otero, como intelectual de prestixio, vivía cara a fóra; Fita, en cambio, vivía cara a dentro, compartindo con el tanto os actos públicos como as preocupacións e dificultades que a vida puido traerlles.

O 29 de novembro de 1929, por exemplo, os cónxuxes sofren un accidente de automóbil cando ía ter lugar, poucos días máis tarde, a cerimonia de ingreso do escritor na RAG. Preto da Torre de Hércules o taxi que tomaran para xa regresar á cidade, debeu de ter un problema de freos e perdeu o control costa abaixo ata dar dúas voltas de capitón e acabar emborcando. Os danos físicos foron leves para Fita e D. Ramón. Segundo información recollida en *La Región* do 3 de Nadal de 1929, o automóbil quedou desfeito e os seus ocupantes só sufriron mazaduras e feridas. O acto, inicialmente previsto para o día 29 de novembro de 1929, foi aprazado até o 9 de decembro¹²:

A rutina do matrimonio é constante: vida en Ourense, na rúa da Paz e visitas a Trasalba, onde residía Dona Eladia, a sogra de Fita, malia que durante épocas determinadas do ano, a nai de Pedrayo adoitaba ser a que acudía a Ourense. Pola súa banda, recibían de cando en vez a familiares de Fita, en particular á súa sobriña, que sería quen se ocuparía deles nos anos de vellez da parella. Ata onde poideron, mentres a saúde llelo permitiu, o matrimonio manterá a rutina das visitas durante as vacacións de verán a familia de Fita, en Santander. Mesmo non deixan de ir durante a guerra, baixo a vixianza estrita do Réxime Franquista¹³ tanto antes como despois da destitución da súa cátedra do instituto ourensán o 27 de agosto de 1937.

27-VII-1938

Saldremos en los primeros, los mas primeros posible, de Agosto. Quieren todos la prolongación de nuestra estancia. Pero ya es suficiente con algo mas de un mes. Lo paso bien. Hablo con gente de ahí.

Leo algo y escribo. Pero deseo el silencio y fresco de la sala de Trasalba y sobre todo tu preciosa compañía (Arias Chachero & Arias Martínez 2007: 352).

11 Arias Chachero, 2023: 112, carta 48, 28-2-1950: “Tamén as pode mandar e vainas lendo Fita”.

12 Arias Chachero 2007: 333-335, carta 190, *La Coruña*, 29-XI-[1929]; RAG 1929: 154-155.

13 Arias Chachero & Arias Martínez: 2007: 353, carta 201, 25-7-1938: “Y nada mas. Que ya va bastante larga y no quiero dar trabajo a los simpáticos censores bajo cuyos ojos pasan todos los días unas doce o quince mil cartas. Adios. Recibe recuerdos de Fita y hasta mañana”.



Otero e Josefina Bustamante, marzo 1952



Na catedral de Braga, 1955



En Caracas, coa dona de J. Conde, 1956



No Congreso de Etnografía de S. Tirso, 1958



No Centro Ourensano de Bos Aires, 1959

As cartas entre D. Ramón e Fita reflicten o namoro profundo do matrimonio ao longo dos seus 59 anos de unión. En 1950 Otero obtén por oposición a cátedra de Xeografía na Universidade de Santiago. Con Dona Eladia xa moi maior, Fita establécese en Trasalba nas ocasións en que a sogra precisa coidados médicos. Alí irá Otero a pasar as fins de semana¹⁴. As cartas de Fita reflicten a dificultade de faceren vidas separadas pola distancia e a preocupación polo feito de que Otero deba afrontar unha intimidade solitaria aos seus mediados sesenta anos de idade. Expresan, non obstante, o feito evidente de que a relación familiar do matrimonio tivo sempre imbricada, con todo o afecto, a Dona Eladia, que en moitas ocasións nas cartas dirixidas a Otero refírese a ambos, a Fita e a Pedrayo, coma os seus fillos.



Con Gala Murguía, no centenario da voda de Rosalía 1958

Tralo finamento da nai de Otero o 2 de febreiro de 1957 e a xubilación da súa cátedra en 1958, o matrimonio establécese máis de vagar en Trasalba. Fita levou o peso diario da casa, como ben recoñecía un agradecido Otero ao seu amigo Del Riego¹⁵.

En 1973 Fita e Ramón Otero Pedrayo celebraron as súas vodas de ouro. O acto, aparentemente familiar, converteuse nunha conmemoración do Galeguismo intelectual e político, e unha sentida homenaxe ao Patriarca das Letras e con el, a Fita.

Nos últimos meses da súa vida, Josefina Bustamante estivo obrigada a gardar cama debido a unha grave doenza. Faleceu o 8 de abril de 1975 en Ourense, na súa casa da rúa da Paz, ás 23:10 horas. O funeral celebrouse na Igrexa de Santa Eufemia do Centro, oficiado polo Padre Isorna Ferreiros, quen tamén presidira a liturxia de celebración das vodas de ouro.

¹⁴ Arias Chachero 2023. carta 62, 30/10/1950

¹⁵ Arias Chachero 2023: 235, carta 164, 3-10-1958: “Saúdos d Fita, que está negociando a venda de unha cuba de centeo —eiquí or [pantasia?] gardamos o centeo na fustalla—, e con lembranzas á súa dona —b.s.p.— reciba o abrazo do vello amigo e ademiador epilodal e decimonónico”.



De gala, c. 1960



En Xixón, con Silvio Santiago e dona, c. 1960



Na festa vikinga de Catoira, con José M^a. Castroviejo, 1965



En Venezuela, 1965



No xardín de Trasalba xunto a dona de Fernández Pérez, 1963



No parador de Verín, 1967

Josefina Bustamante está enterrada no panteón familiar de San Francisco. As palabras de Pedrayo na entrevista que lle concedeu a Maribel Outeiriño para *La Región* reflicten tanto a súa profunda unión coma o seu desamparo ante a perda da súa compañeira de vida: "Agora son un carballo isolado polos ventos".

S. D. 1956?

Jueves,

Adorado mariduco,

Son las cinco de la tarde y desde que comimos no cesó de llover, así que no fui a la calle. Estrella no pasó buena noche y no pudimos ir donde Peña. -Quizá se anime tu mamá y venga conmigo después de merendar, a confesar.

Ramón Ulloa estaba anoche gravísimo.

A las 9 llegó tu aviso de llegada, cuando yo me disponía a dejar la cama. Tardaste mucho, ocurrió algo al coche.- En el de la mañana te mandé una cajita con colonia y las tijeras. Arreglé tu despacho e hice desaparecer todo lo de encima de la mesa. No te perdí nada.- Recuerdos y un beso de tu mamá.

Ahora sale el sol. No pases frío y pide la estufa. Nada más de particular; pensando en los días y las horas de volver a verte. Saludos a los amigos y un sinfín de besos de tu

Fita¹⁶

Complementamos este perfil biográfico con tres textos fundamentais sobre Josefina Bustamante: a homilía pronunciada polo Padre Isorna co gallo das vodas de ouro do matrimonio, a única entrevista concedida por Fita, a *La Región*, o 13 de Nadal de 1974, e a homilía da súa misa de funeral *corpore insepulto*, tamén pronunciada polo Padre Isorna o 10 de abril de 1975. Todos eles transcribíense respectando con escrupulosa fidelidade as edicións orixinais e corrixindo só as evidentes erratas que puideran terse deslizado.



O matrimonio Otero Pedrayo co padre Isorna, c. 1973

16 Fundación Penzol, arquivo 602-0350/0351.



En Trasalba co irmanciño, outubro 1970



En Trasalba, co persoal, 1970



Na tumba de Rosalía c. 1970



Nun discurso c. 1970



Na homenaxe a Otero en Lisboa, 1970



Dona Fita, c. 1973



Dona Fita e Pedrayo, c. 1973



No 85 aniversario de Pedrayo

BIBLIOGRAFÍA

Arias Chachero, Patricia & Rivas, Mónica (2007): *Cartas á nai. Tómo I*. Vigo, Galaxia.

Arias Chachero, Patricia (2023): *Rexistros no vento: Epistolario de Francisco Fernández del Riego e Ramón Otero Pedrayo*. A Coruña, RAG.

Armesto, Victoria (1973): “«Las bodas de oro de don Ramón», *La Voz de Galicia*, 2 de agosto 1973.

Outeiriño, Maribel, 1988, «Conversacións con un vello pantasma do século dezanove», *La Región*, 5 de marzo, 1988.

RAG (1929): «Junta Extraordinaria de 30 de novembro de 1929». Boletín de la Real Academia Gallega: 222: 154-155.

Agradecemos a inestimable colaboración da Fundación Penzol e en particular do seu arquivista Benito Rámirez, pola cesión das fotografías do seu fondo para a realización deste artigo.

O SÁBADO 4 DE AGOSTO DE 1973, ANTE UNS DOUSCENTOS CINCUENTA INVITADOS, TIVO LUGAR A CERIMONIA RELIXIOSA DE FESTEXO DAS VODAS DE OURO DE RAMÓN OTERO PEDRAYO E JOSEFINA BUSTAMANTE. A MISA FOI OFICIADA EN LINGUA GALEGA, BAIXO A PRESIDENCIA DO PADRE FRANCISCANO JOSÉ ISORNA FERREIRÓS. A CONCELEBRACIÓN FOI OFICIADA TAMÉN POR CATRO SACERDOTES MÁIS: DON JESÚS LÓPEZ GÓMEZ, PÁRROCO DE TRASALBA DE AMOEIRO; DON LUIS RODRÍGUEZ PORTUGAL, PÁRROCO DE SANTA EUFEMIA DE ORENSE; DON ÁNGEL PARADA PENEDO, PÁRROCO DE CEBOLLINO; DON RAMÓN MARÍA BLANCO, PÁRROCO DE SOUTOPENEDO. PRONUNCIOU AS MONICIÓNS LITÚRXCAS LUIS ÁLVAREZ POUSA.

HOMILÍA DA FESTA DAS BODAS DE OURO DO CASAMENTO DE R. OTERO PEDRAYO

Xosé Isorna

SÁBADO, 4 DE AGOSTO DE 1973

A invitación foi cursada a moitas máis persoas e entidades. Moitas máis enviaron telegramas de adhesión á festividade familiar, que foron lidos tras a cea no Hotel San Martín de Ourense. A homilía foi publicada uns meses despois, xa en 1974, pola imprenta do diario auriense La Región, con data de 1974.

O texto da invitación dicía:

Os señores de Otero Pedrayo:

Teñen a lediza e honra de convidar a Vd. e a súa Dona, a Festa das súas Bodas de Ouro, agardando seren compracidos. Seu medio século de ditoso matrimonio enteirase o día 4 de Agosto, sábado. Rezaráse uhna (sic) misa na Eirexa dos PP. Franciscanos, as oito e media da serán do dito día, e de seguida xuntarémonos no aperitivo e cena servida no Hotel San Martín, na Torre de Ourense. Ourense 1973¹

Reproducimos a continuación o texto da homilía pronunciada polo Padre Isorna:

¹ Fundación Penzol, Arquivo CA-0655/001/010. PI. Invitacións as vodas de ouro de Ramón Otero Pedrayo e Josefina Bustamante celebradas na igrexa de San Francisco en Ourense 1973/08/04

Miñas donas. Meus señores.

Irmáns e amigos todos

Se hay días na vida dos homes que, certamente, nun anaquiño de tempo, son capaces de enxoiar moitos anos de historia, un dises groriosos días está configurado pola efemérides cincoentenaria que hoxe nos abranxa nesta xuntanza eucarística. Hoxe, pois, é un día que, na súa historia é na súa lembranza, encerra cincuenta ditosos anos de vida de dous corazóns esgrevios: o corazón de D. Ramón Otero Pedrayo e o da súa dona María Xosé Bustamante Muñoz. Veleiquí duas vidas axuntadas na unidade dun amor pola forza dun sacramento, ao longo de medio século. E a sacramentalidade desta xuntanza conxugal garda hoxe, e gardará sempre, pra nós a exemplaridade, viva e permanente, da nobreza, da apostura, da paz, da sinxeleza, en fin, do amor aberto neste fogar de Trasalba pra tódolos fillos de Galicia.

Todo sacramento ven ser un encontro de Deus co home, e tamén do home con Deus, a traveso dun sino relixioso, que é unha gracia cristián. O encontro diste misterio que D. Ramón e máis Fita fixeron coa gracia de Deus, alá en Santander, no día 6 de agosto do ano 1923 na eirexa de Santiago de S Vicente de Toranza, ten hoxe, na nosa xuntanza eucarística, unha revivencia, que quer ser en primeiro: lugar, un acto de relixiosa ledicia; é logo, axiña, acción de fondo agradecemento e reafirmación cerne do amor conxugal —que é sino sagro do amor de Cristo a súa eirexa—, e, á final, prenda inmorredoira da prolongación dise mesmo amor nos fogares galegos, que, de cote, terán nas persoas de D Ramón é de Fita unha exemplaridade histórica dista armoñía matrimonial.

Hoxe, coma entón, o primeiro invitado a esta festa é Deus, Señor noso. Tamén o foi en Toranza (Santander), fai agora cincuenta anos, naquel día inesquecible do ano 1923. O Señor de Antón é o mesmo qué o Señor de hoxe, porque Il é eterno. A liturxia de entón foi eispresada na lingua castelán e latina, En troques, a de hoxe e falada toda ela na doce língoa galega. Os noivos de entón, ditosamente, son os patriarcas de hoxe. Moitos dos convidados daquela festa non poden, por desgracia, nestora, estar con nós, porque xa finaron. Pro, como o amor e á amizade agrandan ó mundo, eiquí están neste feiticeiro intre, máis de douscentos amigos para afirmar coas súas presencias, esa filiación que todo galego de hoxe ten de sentire no seu Corazón á beira de D. Ramón, pai desta Galicia Nova, que adeprende en Trasalba, coma unha nena na escola, a poñer na súa ialma e no seu corpo gracia, dinidade, ledicia, espranza, alento, fermosura, saúde e forteza de carón ó porvir. Todo fillo de Galicia que se orguleza de saber falar galego no seu fogar, na escola, na eirexa, ou no campo, coido que ten dereito a poder chamar ao noso D. Ramón, seu pai. A paternidade galega de D. Ramón sobor de cantos fillos da Galicia actual traballan no xardín das letras, da historia, da xeografía, e da cultura do noso país, adequire, cada vez máis, ao paso do tempo, unha sinificanza universal, sin fronteiras que recorten ás terras, ou limitacións que asoballen a liberdade das persoas.

Cando os especialistas falen, ó longo do tempo, do amor que certas almas galegas tiveron a súa terra, nunca deixará de contemprar no cume máis outo desa constelación ourilcente, xuntamente co corazón de Rosalía, Castelao, e Cabanillas. o nobre corazón de don Ramón Otero Pedrayo. Todo corazón humano que adeprenda a amar pra darse ós demais, ése corazón sempre dará mostras de levar nas entranas rai-game da mellor cras de paternidade. Por eso, coa lus desta verdade, acesa coma unha estrela no ceo do

pensamento, temos que decir que toda a vida de D. Ramón está detremiñada por esa doación patriarcal de consagrarse por enteiro, coa máisima xenerosidade, a estudar, falar, esquirbir, pelegrinar, traballar, ensinar e inquiredarse, de cote, porque a fala, o alento, a fermosura, a honradía, a sabencia e a historia desta nai, e tamén filla súa, que se chama Galicia non desmerecera ren das outras rexións do país, senón polo contrario, se encumiara sobor de tódolos pobos da nación. Ben sabemos todos nós que os meirandes homes non son chamados “grandes” na historia polos fillos que deixaron detrás diles. serión endebén, polas obras que fixeron, polo amor que nos ofertaron, e polo mensaxe, en fin, que nos trasmitiron. A grandeza paternal dun home, radica, pois, no seu pensamento, no seu verbo, e na súa laboura que, coma herdanza, nos deixa na historia por íl feita. Por iso, Galicia, esta Galicia contemporánea parez está decindo pra os seus adentros: “Eu tiven e teño neste home que se chama o señor de Trasalba, un pai, un mestre, un rei que me insinou a botar corpo, a sentir dinidade do meu sér, do meu falar, e do meu sentir, do meu sufrir, e do meu valer, en fin, a tomar concencia e responsabilidade do meu cotián quefacer histórico. D. Ramón otero Pedrayo, por Galicia, dou de sí canto íl é, e canto de seu ten. Por iso, as xentes galegas gustan de chamalo: D. Ramón de Galicia. Ilven sendo craro espello de homía galega pra todos nós.

Polo demáis, non podemos hoxe por menos de ter unha lembranza amantiña prá nai de D. Ramón, aquela esgrevia muller que. coma Rosalía, sentía arder no seu corazón o lume do amor á terra galega, e coma anceiaba Curros pra tódolos ben nados, levaba, latexantes, “na fronte unha estrela, e no bico un cantar”, dona Eladia Pedrayo, Vda. de Otero, muller que ca limpeza da súa intelixencia e co valorío do seu espírito acertou a facer da soedá un maxisterio cotián de traballo, de oración e de tenrura. No colo desta nai, que era un ceo na terra, foi, pouquiño a pouco, adeprendendo a ser home -gran home- o noso D. Ramón. Esta nai representou, día tras día, pra o seu fillo a máis pura encarnación da escola, da eirexa e da patria. Recordar a Dona Eladia nestora é lembrar, no medio doutras grandezas, aquela que moitas veces cantou o mesmo D, Ramón:

***“a fala doce e sentida
entre bicos deprendida
no colo de miña nai”.***



Agasallo polo 50 aniversario do casamento.
Fondo da Fundación Otero Pedrayo

Pro, agora mesmo, temos, en xusticia, que ofertar a razón e dala eispricación da fecundidade de esa “acomenda” de D. Ramón a Galicia. I a razón, a raíz do feito, ou si millor vos parez, o corazón de ese feito galego que está latexando, fai hoxe cincoenta anos ao lado mesmo de D. Ramón: é Fita, súa dona, muller que está sendo boísimo regalo do ceo pra él, anxo de amabilidade, fror sempre arrecendente de ledicia e agarimo, esposa exemplar pola que Ramón pudo a cotío sentir, na súa vida, alento, esforzo, axuda, consolo, delicadezas que foron mimos baixados do ceo a traveso do corazón de Fita de pra que Don Ramón non sentira moito nos seus pasos ás durezas afiadas dos camiños da terra.

Non pouco, e ben, sé ten falado da obra prodixiosa de D. Ramón, o gran poligrafo galego dos nosos tempos; Pouquiño, en troques, se falou, que eu sepa, deica agora, da obra intima de Fita, súa dona, muller sempre axeitada ao espírito do seu señor. E hoxe, amigos, é obriga facelo é decilo neste cumeiro grorioso dos cincoenta anos de vida matrimonial, vida de fogar exemplar pra toda Galicia.

De verdade que Fita, coa súa vida, representou unha costante benxón de Deus pra don Ramón. Porque ela nunca deixou de darlle tenrura, agarimo, ledicia, acelmura, incitamento, consolo i esperanza... Soio Fita por ser muller e ter moito corazón, acertou a ser gracia galega, sin ter nado en Galicia.

Si D. Ramón é home de pensamento, Fita é a quentura viva dese pensamento.

Si don Ramón é un dos derradeiros xenios galegos; Fita é o anxo bon de ese xenio do noso país.

Si D. Ramón é o mellor carballo humán dos soutos galegos; Fita é a rula que canta nas súas ponlas o mellor arrollo envolto no ouro da mañán.

Si D. Ramón é petrucial, coma o río Miño que leva nas súas augas: historias, canturias e lendas galegas, que comparte, antes de xuntarse coas augas oceánicas, co noso irmán Portugal; Fita é o encaixe branco de espuma das ondas de ese río...

Si D. Ramón é “penedia” forte sobor da que hai que erguer a catedral da Galicia nacente; Fita é certamente o pórtico sorrinte que nos anuncia a grandeza espiritual deste Mestre “Mateu” de Trasalba, irmán do de Compostela.

Si D. Ramón é coma un “outeiro” coroado de galaxias nás que alentan por certo, máis camiños que estrelas; Fita é, sin dúbida, un bico de luz onde enxoié o pe, ou colgue un sono o voo da pantasía do seu señor.

Si D. Ramón é merecente de ser chamado unha das bocas mais limpas e nobres de Galicia, posto que nos seus beizos ningunha persoa foi lixada nín magoada; Fita é a enxebreza desa aurora ridente que sempre anuncia ó sol que, de cote, campea nas verbas de Otero Pedrayo.

Si D. Ramón é un home traballador e inqueda, no que a bondade fai unha ecuación coa sinxeleza, e no que sempre está acesa a forxa do pensamento e do corazón pra temprar os hourizontes das novas labouras que acrecenten de fartura os campos galegos, os mares, áas escolas, as universidades e as eirexas; Fita é ise airiño lene que fai o miragre cotián de manter ruxente a áscua do espírito na vida do seu home.

Si D. Ramón é hoxendía a mellor baril voz persoal de Galicia, que nel é, ó mesmo tempo, poema, cantiga, égloga, romance ou melodía de oratoria que Breogán escoitaria enfeitizado coma música das ondas do noso mar, ou vento rumoroso dos nosos piñeiraes; Fita é, nese intre, silencio devoto, sorriso doce que acolle

no seu colo a voz do seu señor, pra facela dentro do seu corazón, carne da súa carne, e ialma da súa ialma.

Si D. Ramón é unha rosa de cen follas coma un día cantou Rosalía maxinando na policromía dos espíritos galegos cheos de lus e recendor, igoal que o deste home; Fita é o ademirabre estremecemento desa inmensa rosa.

Si D. Ramón é cantor da “trascendencia” dunha alborada humán, coma aquela que il estrenou en Trasalba sendo neno; Fita é a garimosa “inmanencia” de tódalas amanecidas, de tódalas espreitas, e tódolos seráns.

Si D, Ramón é o patriarca des letras galegas do noso tempo; Fita, súa muller, é isa dona serea, que coa súa soia presenza e o seu alento, enche de sol pola mañán e de orvallo pola noite, os eidos nos que foi deixando a sementeira man do seu señor.

Si D, Ramón é o creador dun pensamento e de unha mística que informa de galeguidade, humán e cristián, a tódolos homes galegos que sintan amor, respecto, e dinidade pola terra, pola língoa, pola relixión, e polas xentes do país; Fita, súa dona, será sempre a primeira criatura feita á imaxe e semellanza deste señor que é gran mestre no arte da señoría, da inxeleza, da fidalguía, do homía, en fin, de esa aristocracia que ten os seus blasóns no reino do espírito.

Si D. Ramón, deica hoxe, non ten caído canso, magoado; anguriado e sin alento nin consolo nos roteiros da vida, débese o miragre o feitizo de Fita, que acertou a ser pra ó seu consorte: noiva, dona, nai, raíña, escrava, ceo e terra, poesía e prosa, acento e silencio, en fin, pra decilo cunha soia verba: amor, que, en resumidas contas, é á soia realidade, que coa axuda de Fita, fixo grande ao noso D. Ramón de Galicia.

Agora mesmo, ó pronunciar a verba amor, non atopa o méu corazón palabra máis divina que manifeste a felicidade das vidas de D. Ramón e de Fita que esa, xa que ela, máis que unha promesa, é un premio prás persoas que teñan fe na vida dese amor.

Deus, que é puro amor, foi quen nos regalou iste tesouro de home que se chama Ramón Otero Pedrayo. Coido que moito agarda Deus ainda de Galicia, nosa terra, cando lle da homes do valorio do señor de Trasalba. O home que pensa, que fala, e que ama, facendo coa súa vida desta humán triloxía unha ecuación perfecta co pensamento, ca palabra, e co amor de Dios, coido que ese é o home máis pluridimensioónal da terra. Pro, ise home ¿ónde o atoparemos? A resposta nos ven dada, hoxe e sempre, polo Evanxelio e pola Eucaristía, que é prolongación sacramental do mensaxe e da vida de Xesucristo, Fagamos, pois, da nosa vida un evanxello que oferte, a milleiros, boas noticias e bos pros a tódolos homés pra que a nosa eistencia poida ser, de verdade, unha eucaristía, unha mesa xenerosa onde comunquen neste mesón do propio corazón, sempre cheiño de pan de amor, cantas persoas sintan fame dun auténtico amor. D. Ramón e máis Fita, bos cristiáns, acertaron á faguer do seu fogar ó longo de cincuenta anos, unha ademirabre eucaristía de amizade galega con cantas péroas, boas e xenerosas, a iles se achegaran; A festa de hoxe, fala do feito con sobranceira alocuencia. E veleiquí hoxe; ditoso, a D. Ramón antre tantos amigos, axionllado diante do altar de Deus pra celebrar con Fita a efemérides das súas Bodas de Ouro. A Francisco, o probiño de Asís, que nesta imaxe que soñou Murillo, parez que soio ten brazos pra dar unha aperta a Cristo, eu atrévome a pédirlle nestora que antre súas mans chagadas, agarime, coma duas rosas franciscáns, ós corazóns de D. Ramón e de Fita, súa dona, tan namorados sempre dos camiños que en Galicia pisou o pé descalciño do santo de Asís.

Xa remato, irmáns e amigos todos.

Pro, denantes do poñente das miñas verbas, queda alumeando este consello: Non nos afadiguemos endexamáis de darlle gracias a D. Ramón polo amor que de cote ofertou, sin canseiras nin claudicacións, a Galicia, nosa terra. E, ao mesmo tempo, ofertémoslle a Fita, súa dona, o mellor ramo de frores polo feito de coidarnos a D. Ramón, de agarimalo, de mimalo ó longo de cincuenta anos, que, ben mirados, veñen ser cincuenta anos de cariños e benquerencias a Galicia enteira. Anceio neste intre que o remate das miñas verbas sexa un esprandecente remate de sementeira. A colleita quizaves nona fagamos nós. Porque a historia é longa. Hoxe quedan os graus de trigo, de rosas, ou de estrelas na terra, ou no ceo, dos vosos corazóns. A miña man nha semente que atesoura mensaxe, e polo tanto, esperanza, imaxinación, e tamén compromiso.

¿Qué fará Galicia, ó longo dos anos, en memoria de D. Ramón?

¿Qué fará Galicia, tempo adiante, en lembranza. da súa dona Fita?

O meu pensamento está fervendo por quedar gardado na historia con este latexo: Que o amor e o agradecemento a iles, por parte de nós, sexa tan grande, tan sinificativo, tan permanente, que, co permiso de Deus, poida se chamar, dende agora, sin profanación, un “sacramento” galego.

Así sexa.



LOS CINCUENTA AÑOS DE MATRIMONIO DE DOÑA JOSEFINA Y DON RAMÓN

Maribel Outeiriño

1974

*“Nunca tuvimos
crisis, ni siquiera un
día de enfado”.*



Cumplir cincuenta años de matrimonio no suele ser frecuente, pero cumplir cincuenta años de matrimonio feliz con un hombre al que se le aplican los epítetos de “maestro”, “patriarca de las letras gallegas” y con el que se encuentran, quieran que no, todos los que quieren saber de Galicia, su historia, sus gentes o su cultura, esto, es menos frecuente todavía; pero doña Josefina de Otero Pedrayo lo lleva con la mayor naturalidad del mundo y prefiere no hablar mucho de ello y tengo que sacarle las cosas un poco con pinzas, a lo tonto y cada cinco minutos interrumpe nuestra charla para decir –“Ya está, ya tiene bastante”-. -Usted perdone, doña Josefina; ya sé que los periodistas resultamos un poco pelmas, pero a los gallegos que conocemos muy bien la faceta científica y literaria de D. Ramón y un poco de su aspecto humano, los que hemos tenido la suerte de conocerle, nos gustaría saber cómo lo ve usted después de cincuenta años de vida en común, de no separarse nunca, como usted misma me contó.

Ramón es un hombre muy ameno y nada serio; a pesar del aspecto que tiene de hombre serio, no lo es. Es una persona muy sencilla. La gente lo quiere y él quiere mucho a la gente, se preocupa mucho por los amigos, por eso vienen tantos a verlo. Es, ante todo, un hombre de estudio que se preocupa mucho por saber, por eso da gusto viajar con él porque lo hace todo muy ameno y cuenta cosas de lo que vamos viendo y los viajes se hacen muy agradables a su lado. Sí, a mi me gusta que la gente venga a verlo, porque así él se entretiene y está contento, y si él está contento yo también lo estoy.

¿Como se conocieron?

En Santander. Yo soy de Santander. El estaba de catedrático en Burgos, pero permutó la cátedra con otro compañero que estaba en Santander y prefería irse a Burgos. Nos conocimos por la calle, él me vio y después hizo lo posible para que alguien nos presentara. Yo tenía 19 años, fuimos novios tres años y desde que nos casamos, ya no nos separamos más.



D. Ramón, que ha sido siempre un hombre muy activo, ¿como soporta su vida tranquila de hoy?

Siempre disfrutó mucho de la vida porque vive mucho las cosas, sobre todo el paisaje, pero desde que tuvimos el accidente de coche que le impide andar ligero, no disfruta como antes. Siempre le gustó mucho andar e hizo muchas excursiones por Galicia, andando. El primer Año Santo después de nuestra boda fue andando a Santiago. A pesar de que fue un hombre mimado por la suerte, como usted dice, algunas contrariedades siempre se tienen, pero él ha sabido llevarlas con resignación, porque es muy católico.

Mientras duró su vida política, como diputado en la República, ¿pasó usted miedo?

Nada. Nunca se me ocurrió que pudiera pasarle nada, porque yo sabía que estaba obrando bien, aunque después fue castigado como si se hubiera portado mal. No, nunca tuve miedo a su lado.

¿Quién de los dos ha cedido más veces durante estos cincuenta años?

Nunca tuvimos crisis, ni siquiera un día de disgusto. No cedemos ninguno de los dos; lo que pasa es que nos ponemos siempre de acuerdo y nos encontramos los dos diciendo "lo que tu quieras" y así no hay manera de reñir.

Y los hijos, doña Josefina? ¿Hubieran sido igual estos años con hijos?

Nos hubiera gustado tener hijos, aunque él se acostumbró, porque es hijo único y viene de una familia poco numerosa. Ahora dice algunas veces "mira que bien sería si hubiéramos tenido un hijo, ahora que somos tan mayores".

¿A que hora suele escribir don Ramón?

Escribe de noche; le gusta mucho la vida de noche, todo lo hace de noche, hasta escribe cartas, que escribe muchas, no porque le guste, es que tiene el hábito porque a su madre y a mí, cuando éramos novios, nos escribía todos los días. Nunca deja una carta sin contestar.

¿Le costó mucho adaptarse a Galicia cuando se vinieron a vivir para aquí?

No me costó nada, porque aquí fui muy bien recibida y la gente fue muy buena conmigo.

¿Cuales son las pequeñas manías de su marido?

No sé si es que le quiero tanto, pero yo no se las veo; a lo mejor las tiene, pero yo no me doy cuenta.



¿Que se siente después de cincuenta años de matrimonio?

Lo que siento es un poco de pena, porque ya me queda poco tiempo para disfrutarlos. Estos años se me pasaron volando, prueba de que fui muy feliz. Nos hemos compenetrado muy bien y nos quisimos mucho.

Y todas estas cosas las dice con mucha naturalidad, con toda la sencillez del mundo y como extrañándose un poco de que se le pregunte por esto. Muchas felicidades doña Josefina, a usted y a don Ramón por sus cincuenta años de amor.

O PADRE ISORNA, AMIGO
PERSOAL DO MATRIMONIO
DE OTERO, REDACTOU O
DÍA 9 A HOMILÍA, QUE FOI
APRESURADAMENTE IMPRESA
POR PARTE DO CONCELLO DE
OURENSE PARA SER REPARTIDA
ENTRE OS ASISTENTES Á MISA
CORPORE INSEPULTO CELEBRADA
O 10 DE ABRIL DE 1975.

A MULLER QUE DEIXA HERDANZA...

Xosé Isorna

JUEVES, 10 DE ABRIL DE 1975

Homilía en memoria fúnebre da Dona Xosefina Bustamante de Otero Pedrayo, predicada na eirexa de Santa Eufemia do Centro o día 10 de abril do ano 1975 por Xosé Isorna O.F.M. C. da Real Academia Galega.

Meus queridos irmáns e amigos na fe e na esperanza cristián. A todos: paz, consola e forza na presenza da morte.

É inútil, nunha hora doorida como ésta, tratar de poñer nas verbas a pesadume do sentimento que non cabe nelas.

Penso que esta hora debería estar presidida, máis que nada, por un adorabre silencio relixioso. Porque os meirandes atristamentos, e as angurias máis fondas, cando acougan no silencio, adquiren cáseque maxestade dun holocausto.

Nun día saloucante coma o de hoxe, nosas verbas non poden voar polo airo. Un día coma iste, nosas verbas compre que apousen no altar de Deus, prá facer con elas un piedoso homaxe á Eucaristía, ou unha coroa de violas galegas que por todos nós, choren neste intre ós pes do mesmo Señor.

Niste magoado día ourensán, nosas verbas queren ser, máis que nunca, bágoas tenras nos nosos ollos, tristura morna nas nosas meixelas, queixumes lastimeiros nos nosos peitos, contristamento cariñento nos nosos corazóns, en fin, oracións, crentes, e cheas de esperanza, nas nosas almas.

Ai, qué fondosa tristura! Ai, qué arrepicante door! E/a finóu... i eu non! éla morreu... e vivo eu!...

Rosalía de Castro. Traduc. P. I.

Ai, eu tamén rezar quixera agora por tí, de tanto amor en xusto pago; mais dende que te fuches, miña rula, ¡teño un cansancio!...

Manuel Curros Enríquez

Neste intre anguriado, meus queridos irmáns e amigos, o noso amor ¡ a nosa fe, dentro da súa probeza, queren porse nas mans de Deus, noso Pai, prá lle ofertar ista Eucaristía, tan divina e tan humán, feita de bágoas, de laios, penas e oracións, coma lembranza piedosa e como derradeira homaxe de amizade e de agarimo pola ialma de XOSEFINA BUSTAMANTE MUÑOZ, dona do noso D. RAMON OTERO PEDRAYO.

Veleiquí, diante de nós ó corpo insepulto da finada. Veleiquí á difuntiña. Xa non fala. Xa a fror do sorriso quedou pra sempre murcha no seu rosto. Xa non alenta. Xa se non move. A morte deixouna: coa neve na pel, co frío nos osos, coa noite nos ollos e co silencio nos labres. En fin, sin vida nas veas, sin latexos no corazón. I este corpo, nobre e garrido, que foi dende o 27 de setembro do ano 1896, deica onte mesmo, catedral viva da súa ialma –hoxe xa con Deus– está eiquí antre nós, a carón de nós, prá recibir as honras fúnebres, coas que a fe cristián amortaxa os restos santos dos crentes prá'lles dar acougo na paz do cemiterio, onde, igoal que nun dormitorio caladiño agardan por estrear a lus da alborada do día da resurrección, xa inaugurada por Xesucristo, noso Señor, o domingo da súa inmorrente Páscoa.

Cando unha persoa deixa este mundo ¡ entra no outro de máis alá, sempre pode deixarnos na súa probeza ou riqueza, un TESTAMENTO, que nós temos de coñecer. E tamén pode deixarnos unha HERDANZA, que, á final, nos é doado acollela, ou despreciala.

O TESTAMENTO que nos deixa FITA, dona do noso DON RAMON OTERO PEDRAYO, como revivencia súa derradeira, está integrado por ise outo ideal de exempridade, con valorío universal prá tódalas mulleres galegas, de ter sido a compañeira inseparabre e garimosa, a dona sin par, a esposa intelixente, acelmosa e intimamente compenetrada con este home –Patriarca das nosas Letras– que aínda Deus, prá regalía de Galicia nolo quer deixar con vida, sin que o merezamos, home que si neste intre ten alento, teno certamente porque FITA denantes coidouno con cariño para que Galicia non quedara orfa deste “Patriarca” que aínda cos seus 87 anos ven sendo noso fúlxido viero, noso seguro conselleiro, nosa mellor honradía, nosa gloria certa, xa sexa no campo da homía galega, do saber e do falar, coma xa seia, ao mesmo tempo, nese único terreo no que soio DON RAMON coa súa presenza física fai medrar en nós o amor a Galicia.

FITA, dona sinxela, muller de limpo e fermoso corazón, alma rica en infindas dimensións femeninas, oidou do fogar de DON RAMON cunha devoción cáseque litúrxica, poñendo nil, de cote, armoñía, limpeza, ledicia, finura, enxebreza e felicidade, tanto no Pazo de Trasalba, coma na casa ourensán da Rúa da Paz, 25, onde onte finou acollida no colo amoroso de Deus.

Os días da doenza de FITA non foron moitos. Non embargantes, 6 longo diles púdose ollar aquela enteireza de esprito, sempre sorridente, ofertándonos rosas de pacencia e de esperanza cristián, que ela sabía recoller dos consolos que o Señor lle daba cando ó recibía na Santa Comunión¹.

¹ FITA recibía adoito a visita de noso Señor Sacramentado, que lle levaba D. Luis Rodríguez Portugal, abade da parroquia de Santa Eufemia do Centro.

É obriga tamén lembrar con admiración e agradecemento os garimosos coidados cos que MARIA LUISA GALAN BUSTAMANTE atendeu a súa tía FITA nos días da doenza e nos derradeiros da agonía. Agradecemento que asimesmo hai que alongalo deica ó Dr. M. Courele e o Dr. Conde Corbal médicos da familia, e deica ós Sres. composteláns García Sabell, Sixto, Albor, Laira, o prof. Ogando e M^a. Tereixa Cortón.

DON RAMON, axudado pola man de FITA, sentíase achegar a Deus, como levado por unha raiola da alborada máis ourilcente. E cheo seu corazón de felicidade, podía dirixir seus latexos ao ceo, decindo: “Graciñas, Deus, pola muller que me deches”. ¡Noraboa, dende eiquí, a tódalas donas galegas que, coma FITA achegan ós seus homes ao mesmo corazón de Deus!

Tódalas persoas que coñeceron e trataron de perto a FITA remataron sempre por admirala e benquerela. FITA tiña un ar, un xeito tan seu, antre inocente e xeneroso, que a envolvía nun recendo, nunha craridade de muller intelixente e córdial, muller co pensamento e cos ollos postos no mellor servizo e agasallo dos amigos de DON RAMON, que, sin dúbida, son todos cantos “moito” aman e queren a Galicia.

A FITA arrecendíalle a ialma a unha roseira de bondade. Seu corazón fíxose, coma o de DON RAMON, unha rosa chea de perfume xeneroso pra cantas persoas quixeran gostar a dozura da nobreza e xentileza da ialma galega.

FITA acertou a engrandecer a DON RAMON soio co seu cariño, co seu corazón forte e sin canseiras, ollando sempre pra diante, estreando ledicia co mencer de cada mañán, e tratando sempre de quitarlle, coas suas mans, as espiñas do camiño para que os pes do Señor de Trasalba nunca se magoaran.

Endexamáis alcontraredes, irmáns e amigos, un home ilustre nas páxinas mellores da nosa historia, non digo galega, senón humán, que non teña ao seu lado, ou dentro mesmo do seu corazón unha muller que, de cote, lle oferte o sol da sua ialma, que ven sendo o amor posto, como vieiro de salvación, no seu propio destino.

A presenza de FITA na vida de DON RAMON pode ser definida polo valor de un hourizonte folgoso, ou pola siñificanza dun incitamento cotián a poñer os ollos con amor nos libros, nas persoas, nos feitos e nas terras de Galicia, deixando como froito detrás da sua andadura a creación dunha literatura persoal que acollerán, como herdanza groriosa as xeneracións novas da nova Galicia.

Coido que esta é a mellor hora, e tamén o mellor sitio, diante do seu corpo eiquí presente, nesta casa de Deus, prá coñecer todos nós ó seu TESTAMENTO. Veleiquí o tendes: E o mesmo DON RAMON, señor dela. Riqueza, tesouro, regalo mellores non soupo FITA, nin quixo, nin pudo deixarnos. Por iso, nós agora mesmo, como prenda de agradecemento derradeiro queremos decirlle: “Graciñas, FITA, por este home que nos deixas, prá que coa sua compañía nos sintamos alumeados e protexidos nos eidos onde vivimos”.

O TESTAMENTO de FITA soiamente mantén prá nós esta condición que pasa a ser unha obriga de concencia: “Coidadeo, coma eu sempre o coidéi. E querédelle coma eu, en todo tempo, o améi e quixen. Neste mundo foi pra mín —dinos ela— a persoa máis boa e xenerosa que teño coñecido. Quedéi contenta de ter nacido, polo pracer de amar e de servir a este gran home galego. Morro ditosa por ter vivido máis de cincuenta anos ó seu lado, avencellados os duus no sacramento dun mesmo amor²”.

² O día 6 do mes de agosto do ano 1973 cumpríronse xustamente os CINCOENTA anos do día da BODA de D. Ramón e Fita, realizada na eirexa de Sant Yago de San Vicente de Toranza (Santander) no ano 1923. Fita, entón, contaba 26 anos. Ao longo de máis de medio século a felicidade foi amiga do fogar de D. Ramón e de Fita. Deus axuntounos na terra prá telos a súa veira un día máis avencellados no ceo.

A nosa “antropoloxía galega” gardará, coma ouro en pano, nas súas mellores páxinas este caso exemplarísimo dunha convivencia familiar ditosa que albea nas relacións matrimoniaes de FITA e de DON RAMON, feito histórico que nos alenta a conseguir, sinxelamente, no nome da intelixencia e do amor, as primeiras caricias da felicidade neste mundo.

Tanto se amaban estas dúas almas xemelas, estos dous esposos —que parece foron ideados por Deus, ún para o outro— e si lles preguntasemos, cál dos dous escollería finar primeiro, poñendo por condición que o outro consorte seguise pervivindo neste mundo, a resposta que aíña, e a retesía, poñerían nas mans de Deus, como pregaria ardida, sería esta: Levaime denantes a mín, Señor, que ao meu amor”.

E certamente prá nós, irmáns e amigos galegos que me estades escoitando; galegos da Cruña, galegos de Lugo, galegos de Pontevedra e galegos de Ourense, galegos queridiños que acabades de recoller o legado testamentario de FITA, unha obriga, que ten sabor de piedade e de querencia, de seguir venerando e sendo amantiños, coma ela, encol de DON RAMON.

Con este TESTAMENTO axúntase, axiña, a HERDANZA que, neste caso, é un natural prolongamento daquil. Ou millor aínda, unha ecoación con il. A HERDANZA que nos deixa FITA é a persoa, a doutrina, a mensaxe, a obra, a historia, a vida -xa magoada polos anos que conta- do mesmo DON RAMON.

Dende hoxe DON RAMON, penso que non pertence maormente a Ourense, súa terra, senón que por vontade crara de FITA pasa a ser tamén HERDANZA de toda Galicia e de todos nós, de tódolos galegos. Por eso mesmo, todos nós, dende agora, temos que escomenzar, ó noso xeito, que sempre ha de ser garimoso, a comportarnos con él á maneira de un pouco nais, un pouco donas, xa que DON RAMON queda orfo, chorando na soedá, sufrindo a ausencia daqueles dous seres pra él tan queridiños³.


Nesta hora doente eu prégovos a todos que coa vosa oración, coa vosa amizade, coa vosa compañía e coa vosa simpatía galega, lle axudedes, a DON RAMON e lle axudemos a subrimar este cáliz do delor, deste Xetsemaní da súa vida, no deixando soio coa cruz pola rua da amargura, neste calvario da eisistencia. Sería para nós todos un pecado que vai contra a irmandade que alenta é espírito da máis nobre galeguidade.

Irmáns: dende os vosos fogares escribide a DON RAMON cartas de alento, cartiñas de agarimo, de compañía, de forteza e de santa esperanza cristián. Decídelle a DON RAMON que estades, dende o finamento da súa dona, maormentes ó seu lado, á súa beira. Que, por favor, non se sinta soio: que nós, fillos desta Galicia que il tanto nos insinou a coñecer, a engrandecer i a amar, queremos estar de cote ó seu lado, sempre pretiño dil, dentro mesmo do seu corazón, si poidera ser, que sería, coidamos todos, como escomenzar a disfruitar un anaquiño do ceo.

3 Estos seres máis próximos pra il son; súa nai Doña Eladia Pedrayo, Vda. de Otero, que finou o día 4 do mes de febreiro do ano 1957. E, derradeiramente, FITA, súa dona, acollida onte mesmo, día 8 de abril, as 11,10 da noite, no colo de Deus, noso Pai do ceo. Don Ramón quedou orfo de seu pai dende o día 28 de mayo, de 1901, no que espirou o Dr. Enrique Otero (médico).

Ben ollada, a morte é un camiño que remata na vida trascendente. Ela colabora cinguida a tódolos abrentes dos días e a tódolos solpores das anoitecidas. Intenta despertar en nós unha arela, un ideal inmorrente de eternidade. Sin amor non se da, de feito, unha vida inmorredoira. Por eso, cando amamos de verdade a unha persoa estamos de cote, sin verbas, decíndolle: “Eu quero que tí non morras. Eu quero que tí vivas sempre connigo i eu contigo”.

E con isto, afirmamos unha grandísima verdade eisistencial. Non certamente pra que se realice neste mundo —que é pasaxeiro, fuxitivo— senón, máis ben, no mundo que, de seu, non está avencellado ao denantes e ao despóis, porque ó seu xeito de eisistir, chámase: Eternidade. Ben sabido é que ao estar con Deus prá sempre no ceo, deixamos de estar coa morte na terra, xuntamente, con todo aquilo que é transitorio, e polo tanto, caduco; e, nese intre, escomenzamos a participar nun tempo que, por ser infindo, é eterno; participando tamén nun novo estado que, por non ter fronteiras estranas, nin desacougos, e ser todo felicidade, noméase a groría.



Irmáns benqueridos: A morte foi poñendo, pouco a pouco, coor brancuxo na faciana de FITA, sin quedar nela rasto de medo, nin de pavoría. Tódolo contrario: inda parece lle regalou unha sorrinte serenidade embaida, que calquera diría estaba tecida con delgadiños fíos de lus de estrelas, ou tamén con tremecentes brilos dos nosos ollos que choran sobor deste corpo difuntiño.

Veleiquí tendes tamén, coma mostra e homaxe de galego amor, esos ramos e coroas de rosas e frores que hoxe queren ser os bicos que Galicia enxoa no cadaleito de FITA, como antifona adiantada das ledicias e rosas da gloria que o Señor lle dará no ceo.

Este corpo vámolos sementar agora como grao de trigo cristián na lousa do cemiterio de San Francisco prá que, no derradeiro día do Universo, esperte nunha primaveira de gloria a beira de Xesucristo resucitado. De noite, as estrelas van ser amigas silandeiras de FITA; compañeiras, latexantes e garimosas, dela.

E, polo día, dende o coro daqueles verdescentes alcipreses que enfián seus púlpitos aos ceos, os paxariños han de estar cantándolle á difuntiña salmos de esperanza valedeiros, por soposto, pra aquela festa vindeira do agardado rexurdimento final.

Galicia ten fe nos mortíños. Estes, senda amados por nós, e nós por eles, aledan á Galicia do tea, onde sin dúbida, hai moitos máis viventes, que na Galicia pequena da terra.

Ditoso feito sería que, cada paso que vamos dando nestes camiños deiquí, fóramos, ao mesmo tempo, encendendo unha estrela nos ceos dalá.

Que esta Eucaristía, alumeada pola palabra de Deus e arrequecida pola presenza sacramental de Xesucristo, noso Señor, compartida por nós en pranto e en esperanza, sexa, pra FITA, un estreo de gloria. Prá DON RAMON, un consolo e enfortecemento divino. E, finalmente, prá todos nós, un incitamento que, de cote, nos alente a seguir as súas pisadas, camiño do ceo. Dun camiño, branco e azul, coma os coores limpiños e enxebres da bandeira de Galicia.

Así seia.



ARTIGOS ACADÉMICOS



MANUEL PEDRAYO VALENCIA

Patricia Arias Chachero

*Para Eduardo López Pereira,
que sabe moito dos Otero e
algo menos dos Pedrayo*

Manuel Pedrayo Valencia (1841-1902) era tío avó de Ramón Otero Pedrayo. O seu pai, o escribán Bernardo Pedrayo Andelo (1793-1884), estivera casado en primeiras nupcias con Manuela Silva Reigosa (1782-1831) con quen tivera un fillo, Ramón Pedrayo Silva (1822-1899), avó materno de don Ramón. Morta Manuela, Bernardo casou en segundas nupcias con Luisa Valencia González, con quen tivo, polo menos outros seis fillos: Manuel, o protagonista deste traballo, Luís, Juana, Antonio, Vicenta e Ramona.

Manuel creceu protexido e alentado polo seu irmán Ramón, 19 anos maior ca el. Coursou estudos de Teoloxía no Seminario Conciliar de San Fernando, en Ourense, e pronto destacou como un alumno capaz, serio e aplicado. Dono dunha excelente memoria converteuse decontado nun avezado latinista e chegou, mesmo antes de rematar os estudos, a impartir aulas no seminario ourensán. Os seus amigos, definírono como un competente filósofo, de excelente gusto literario e un historiador sereno e imparcial.

Con 28 anos prepara oposicións e convértese en profesor numerario de Xeografía e Historia no instituto de Pontevedra. Instálase na cidade onde imparte aulas entre setembro de 1869 e marzo de 1876. Foron os seus compañeiros neses anos, entre outros, Emilio Álvarez Giménez, José María Berasategui, Manuel María Escariz, Luis María Sobrino, Teodoro Varela, Evaristo Velo, Casimiro de la Viña e Ramón Vives.

A principios de febreiro de 1876 aproba, por oposición, a cátedra de Historia Crítica de España da Universidade Central de Madrid que rexentara, ata converterse en ministro de Estado da Primeira República, Emilio Castelar. Nas duras probas que superou, Manuel Pedrayo, de brillante oratoria e fondos coñecementos teóricos, acadou o primeiro posto, aventaxando a Faustino Sancho Gil e a Joaquín Costa que será, co tempo, recoñecido como o maior representante do rexeneracionismo en España.

Pedrayo Valencia trasladouse a Madrid onde compartiu vivenda con Modesto Fernández y González, mecenas e protector de Manuel Curros Enríquez. Durante os case vinte anos que residiu na capital, tivo como compañeiros de claustro a figuras tan relevantes das letras españolas como Marcelino Menéndez Pelayo, Sánchez Moguel, Nicolás Salmerón, Amador de los Ríos, Miguel Morayta, Manuel del Valle Cárdenas... Entre os estudantes, imposible non citar a Miguel de Unamuno que nalgũa ocasión falou del como dun “excelente profesor”.

Moitos anos despois, o 3 de maio de 1905, inda era lembrado na Facultade de Xeografía e Historia. O seu sobriño neto, Otero Pedrayo, en carta á súa nai datada nesa data, dille¹:

Acabo de regresar de la Universidad, donde asistí á clases por vez primera. Hablé con todos los profesores que me pusieron en lista y por consiguiente me preguntarán en estos días. El de Historia Fernández Salgado me preguntó si era pariente de D. Manuel Pedrayo.

Os anos en Madrid foron moi produtivos a nivel intelectual. Colaborou no *Boletín de la Sociedad Geográfica de Madrid*, entidade que axudou a fundar en 1876. Pronunciou relevantes e documentadas conferencias como a titulada “Destino geográfico de la Península Ibérica” na que parece afirmou que nunca existira a unidade peninsular, nin na época romana, nin nos últimos tempos da monarquía visigoda, nin na dos Austria. Parece que foi por aquel entón cando aquel profesor universitario con fama de sabio comezou a sufrir pequenos trastornos mentais e a protagonizar estraños comportamentos. A finais de 1894 a situación volveuse preocupante. En *La Correspondencia de España* (1/10/1895) lemos:

Desde hace meses salía á paseo por la calle de Alcalá y Puerta del Sol, de frac, de hongo y sin camisola, y hace breves días, en un templo de esta capital quiso controvertir un asunto teológico con un predicador, hallándose este en el púlpito.

A igrexa era a de San Luís na céntrica rúa de la Montera. Formouse tal alboroto que o catedrático tivo que ser detido pola policía.

Os amigos comunicáronlle a situación á familia que decide que sexa avaliado polos compañeiros da facultade de Medicina da propia universidade². Diagnosticáronlle “exacerbación nerviosa” por exceso de estudo -a prensa insistía en que dedicaba a esta actividade entre 10 e 12 horas ao día- e receitáronlle tranquilidade e abandono total dos libros.

Con esta triste sentenza viaxou a Galicia en tren, acompañado por dúas relixiosas que exerceron de enfermeiras e coidadoras durante o traxecto. Chegou a Ourense o 26 de xaneiro de 1896 onde supoñemos o recibiría o seu irmán Ramón, profundamente preocupado e consternado. Foi el, xa como titor legal, quen se encargou de incapacitalo e quen tramitou a documentación para que, como catedrático xubilado, cobrase unha pensión que lle permitise tratar a enfermidade. Con tal finalidade, o 12 de marzo de 1896, ingresou no Sanatorio de Conxo, o primeiro centro psiquiátrico de Galicia, inaugurado apenas nove anos antes coa vontade de ofrecer un lugar tranquilo e de calidade no que as persoas con trastornos mentais puidesen descansar e tratar as súas afeccións³.

Segundo o informe que o avogado ourensán envía sobre o seu irmán ao director do Manicomio de Conxo cando se formaliza o ingreso, sufría: “Un estado de enajenación mental de indole histérica forma maníaca con delirio de grandezas predominantes de carácter pacífico”.

1 Otero Pedrayo, Ramón (2007), *Cartas á nai* (1905–1950), Vigo, Galaxia, p. 52.

2 Os certificados aparecen asinados por José María Palomino, Ildefonso Rodríguez y Fernández e José Gruida y Fernet. Indican que “se halla padeciendo un delirio que le priva del libre ejercicio de sus funciones intelectuales, que aún no siendo agresivo hace necesaria su reclusión, por el daño moral, y a por atender á su curación en la medida que sea posible”.

3 Para esta e outra información contida no artigo manéxase o expediente do enfermo custodiado no Arquivo do Gaiás co número 629.

Os seis anos que vivíu en Conxo non serviron para curalo. Morreu o 11 de decembro de 1902. A crónica de *El Diario de Pontevedra* do día 16, resulta conmovedora. Di o xornalista:

De figura distinguidísima y de gran ilustración en los momentos lúcidos que tenía, daba notables conferencias y casi diariamente á una hora determinada hablaba como si estuviere con sus alumnos, teniendo el camarero que á todas partes le acompañaba, que decir como un bedel: señor, la hora, respondiendo el señor Pedrayo con un gracias galante que significaba la finura de aquel distinguido caballero.

O hábito íntimo do ensino, a vontade de compartir coñecementos cos discípulos, perviviu no centro mental. Era para el unha necesidade. Os enfermos e amigos que o escoitaban recoñecían nel a súa marabillosa elocuencia e, quizais, quen o sabe, os seus coñecementos en caso de que estes permanecesen intactos. Segundo ese mesmo xornal faleceu a causa dun “antrax” no pescozo e momentos antes de morrer recuperou, como o heroe de Cervantes, a razón. Segundo diferentes medios, ao comprender a súa situación real, o seu discurso foi conmovedor. Así describe *El Diario de Pontevedra* o seu enterro:

Se llevó a cabo el acto del sepelio, formando parte en la fúnebre y tristísima comitiva muchos dementes, que según costumbre, llevaban cirios encendidos.

El camarero que el señor Pedrayo tuvo siempre a su lado, le acompañó también hasta que el cuerpo de su inolvidable señor, como así le llamaba recibió sepultura.

O home, xa maior, choraba desconsolado e seica entre saloucos dicía que non podería esquecer nunca a quen tanto respectara e quería.

Otero Pedrayo nas súas memorias⁴ di:

Dn. Manuel Pedrayo Valencia, moi petrimete, pequeneiro como todos os Pedrayo, xurdio estudante de filosofía e teoloxía no Seminario de Ourense, graduado en Letras na Universidade de Salamanca, cadeirático de Geografía e Historia do Instituto de Pontevedra, onde deixou moi boas memorias e foi moi amigo da familia de Méndez Núñez. Aínda corrían no vello Ourense da miña nenez contos da súa aplicación ós libros e da súa grande potencia en reteñer estes anacos de oradores e poetas.

O seu cárrago sendo aínda estudante estivo unha cadeira do Seminario ourensán.

Moi enxebre conservador, como seu irmán puro moderado, admiraba a Castelar polo verbo e cando o faiscante tribuno deixou a cadeira de Historia Crítica de España ó ser proclamado presidente do Poder Executivo, Pedrayo Valencia ganouna en rifada loita na que entrou Dn Joaquín Costa. Tivo meu abó unha das súas millores alegrías. Debeu trunfar pola prodixiosa memoria e o dominio dos autores clásicos da historia. Súa palabra semella ter sido entoada e ben alicerzada, non briladoira.

Nunca casou. Na familia da miña nai era tradición que tivera namoros na familia de Méndez Núñez. Foi moi amigo dende neno, dun ourensán de grande espírito e curazón, Fernández e González. Chegou a delegado da Facenda de Madrid. Vivían entramos solteiros na calle “del Arco de Sta María”. Nos vrans viña a Ourense e daba a volta clásica por Pontevedra, Mondariz e Vigo.

Eu nono coñecín. Súa carreira e exemplo non traballaron ren na miña vocación. Foi perdendo o xuízo, de maneira calma, pouco a pouco, descendo a costa pra il sin manos nin penedos da tolería. Houbo un refrexo do espírito do Dr. Fausto na súa disgraza: teimaba e aseguraba ó comén, voltárese de novo moura a barba cañosa.

Éra eu ben neno, polo 96 ou 95. Mais decateime da tristura, sin esperanza, do meu abó. E foi ben dooroso [a] o dispartemento de prendas e libros. Miña nai soio me deixou coller algus libros, poucos.

Viviu deica o 1901 no Sandoiro de Conxo. Cada día eisplicaba súa hora de clase. Por emozoante caridade algús amigos de Sant Iago –sei de D. Xosé González Salgado– ouvían algunhas seráns súas leucíos. Meu pai foi ó enterro. Seu derradeiro viaxe a Sant Iago. Voltou contando como foi levado entre cirios acesos de doentes e por doentes, deica a foxa do cemiterio mais tristeiro e dino de amor da Nosa Terra.

Cantos tesouros agocha o vello cemiterio do Sanatorio de Conxo, cantas historias esquecidas. Entre elas esta, a dun home que, como don Quixote, perdeu a cabeza a causa dos libros.

4 Otero Pedrayo, Ramón (2019), *Lembranzas do meu vivir I*, Vigo, Galaxia, pp. 141-142.

A19/22

Núm. 629

MANICOMIO DE CONJO.

D. Manuel Pedraza
pensionado por su familia en
2.ª clase; ingresó el día 12 de Mayo
de 1896 y se dió de baja por fallecimiento
el día 11 de Diciembre
de 1902

Libro.....folio.....

189



D. Pedro Cardero Hernandez, Escribano
del Juzgado de primera Instancia de Orense.

Ante Certifico: que en este referido Juzgado y Escribania de mi cargo, se sustancio expediente donde fue dictado el auto que se copia=
Resultando: que D. Ramon Pedrayo Silva, Abogado y vecino de esta Ciudad, presento escrito fecha quince del corriente, acompañando tres certificaciones expedidas la primera en nueve de Noviembre último por D. José María Palomino, Profesor de Medicina y Cirujia de número del Hospital Provincial de Madrid, la segunda en cuatro de Enero también último por D. Camilo Perini, Secretario de las Excmas. Diputación y Comisión igualmente Provincial de dicho Madrid, y la tercera en once del mismo del corriente por D. Luciano Varguena Feijóo, Secretario del Juzgado municipal de esta referida Ciudad, y solicitando que según consta de las dos primeras indicadas certificaciones, su medio hermano D. Manuel Pedrayo Valencia, soltero, de cincuenta y seis años de edad, residente en esta propia Ciudad, Calle de Arcebianos número diez, Catedrático jubilado por incapacidad física, de

Historia Crítica de España en la Universidad
Central, se afectó de un estado de enajenación men-
tal de índole histérica forma maniaca, con delirios
de grandezas predominantes, en cuyo estado continúa
después de haber sido conducido a disposición de
esta Diputación Provincial por ser nativo de esta
localidad y con el objeto de legalizar su personalidad
y obtener judicialmente la declaración de incapaci-
dad del expresado D. Manuel, y el nombramiento
de tutor y pro-tutor que gestione y administre sus
intereses, fuente que hoy carece de ellos, previo in-
forme del Consejo de familia, ya constituido según
de idéntico modo aparece de la otra certificación
restante, audiencia del Ministerio público y demás
requisitos que ordena el artículo doscientos diez y
ocho del Código Civil, se declare incapacitado al
dichado D. Manuel Pedrayo Valencia, pudiendo
reducirse como pensionado para su asistencia y cu-
ración en el Manicomio de Corps, y expedir el
correspondiente testimonio, a fin de que el enuncia-
do Consejo de familia pueda proceder al nom-
bramiento de los citados tutor y pro-tutor. = Re-
sultando: que por providencia de diez y ocho
del mes del corriente, se acordó oír al expresado
Consejo de familia y el reconocimiento y examen
del D. Manuel Pedrayo Valencia, a lo todo ello
tuvo lugar previa citación legal, habiéndose a
este además comunicado los autos para que conti-
nue.

se según emitió su dictámen favorable a la preten-
sion del D. Ramon Pedraye. = Considerando: que
apareciendo como aparece tanto de la certification del
D. Don Maria Palomino, como de la que expedida
en veinte y siete de Septiembre de mil ochocientos no-
venta y cinco por D. Ildefonso Rodriguez y Fer-
nandez y D. Don Guada y Fernes, Profesores igual-
mente de la Facultad de Medicina de Madrid con
ejercicio en aquella Corte, inserta en la del D. Don
Perey Gerton que va relacionada, que el D. Ma-
nuel Pedraye Valencia se halla padeciendo un delirio
que le priva del libre ejercicio de sus funciones inte-
lectuales, que aun no siendo agresivo hace necesaria
su reclusion, ya por el daño moral, ya por atender
a su curacion en la medida que sea posible, y que
esa misma perturbacion mental, se comprueba con la
expuesto por el referido Consejo de familia y obser-
vado por el que provee en el reconocimiento y exa-
men del D. Manuel Pedraye Valencia, procede
dedarar a este demente, en armonia con lo preve-
nido en los artículos doscientos diez y seis y dos-
cientos diez y ocho del Código Civil y mil och-
cientos cuarenta y ocho de la Ley de Enjuiciamiento
Civil y en tal concepto recluirle en un Manicomio
donde pueda atendersele debidamente para su
curacion, por cuenta de la pension a que como
Categorico jubilado es acreedor. = P. D. = por ante
mi Escribano, dijo: que de conformidad tambien con

lo propuesto por el Ministerio Fiscal, debia declarar
y declara demente a' D. Manuel Pedrayo Valencia,
y necesaria laclusion del mismo en el Manicomio
de Confe para atender a' su curacion por cuenta de
la pension que como Catedrático jubilado de la
Universidad Central de Madrid, le corresponde
percibir, segun se solicita por su medio hermano

D. Ramon Pedrayo Silva, a' quien se le facilite
oportuno testimonio, segun igualmente lo solicita,
haciéndole saber reintegrar el correspondiente papel
de pago al Estado las dos certificaciones que
cobran, folios uno al tres. Lo mandó y firma el Sr.
D. Jose' Hermosilla de Latorre Juez de primera Ins-
tancia de Orense a' veinte y siete de Febrero de
mil ochocientos noventa y seis. = Jose' Hermosilla
Ante mi: Pedro Cardero. =

E cumpliendo lo dispuesto y para entregar al
D. Ramon Pedrayo Silva, expido el presente en
este folio de papel de la clase undécima que firmo
en Orense a' veinte y nueve de Febrero de mil och-
cientos noventa y seis.



Pedro Cardero

Artículo 75 de la Ley de Registro.

El encargado del Cementerio en que se hubiere dado sepultura á un cadáver, sin la competente licencia, y los que la hubiesen dispuesto ó autorizado, incurrirán en una multa de 20 á 100 pesetas, que hará efectivas el Juez municipal correspondiente.

HABIÉNDOSE inscripto en el Registro civil de este Juzgado municipal la defuncion de *J. Manuel Mena*
ya
ocurrida á las *trece* del *dia* de *ago*
á consecuencia de *paralisis general*
segun la certifica-
cion facultativa presentada, concedo permiso para que
se dé sepultura á su cadáver, trascurridas que sean las
veinticuatro horas siguientes á la del fallecimiento.

Juzgado municipal de *Conja* á
12 de *dic* de 1902



Por El Juez Municipal,

Vicente Fontanarrosa
Mu

Al encargado del Cementerio de *Conja*

DEDICATORIAS A RAMÓN OTERO PEDRAYO UNHA ACHEGA

Borja Blanco Babarro
Andrea Estévez Álvarez

Fundación Otero Pedrayo

INTRODUCCIÓN

No mundo da literatura, as palabras impresas nas páxinas dun libro poden transportarnos a universos descoñecidos, inspirarnos ou espertar emocións profundas. Sen embargo, tras esas páxinas a miúdo se agochan tamén segredos persoais e conexións íntimas entre o autor e a persoa que recibe o libro. As dedicatorias escritas a man, esas palabras que adornan normalmente algunha das páxinas iniciais da obra, revelan un aspecto singular e conmovedor da relación entre o remitente e o seu destinatario. E ese é o gran poder destas dedicatorias.

As orixes da práctica de dedicar unha obra parecen remontarse a épocas antigas¹, cando os libros eran verdadeiros tesouros, custodiados polas elites educadas e lidos en voz alta para deleitar a grupos selectos de oíntes. Na antiga Roma e na antiga Grecia, por exemplo, os manuscritos eran a miúdo dedicados a amigos ou patrocinadores influíntes como mostra de gratitude. Estas primeiras dedicatorias servían tanto como un xesto de aprecio como de medio para asegurar o patrocinio.

Co tempo, a imprenta de Gutenberg revolucionou a forma na que se producían os libros, democratizando o acceso á literatura. A medida que os libros se volvían máis asumibles, as dedicatorias escritas a man comezan a adquirir un carácter máis persoal.

Na actualidade, Trasalba conserva unha peza única, símbolo dun home e dun tempo galego. O *locus amoenus* dun ilustre, que debuxou con verbas a paisaxe. A casa de don Ramón conserva a biblioteca do autor nun estado que nos permite achegarnos á dimensión privada da súa vida, as súas influencias e relacións intelectuais, e ao seu proceso creativo, así como reconstruír o seu mundo interior. A través das dedicatorias conservadas neste espazo, podemos descubrir as historias non contadas e as redes de relacións que moldearon a súa obra e a súa época.

¹ V.V.A.A. 1998, 458.

Ramón Otero Pedrayo foi un autor prolífico, coñecido por ensaios, novelas e poesía, pero tamén foi unha figura que despertou a admiración, interese e amizade en moitos autores do século XX. Don Ramón converteuse no destinatario de numerosas dedicatorias recollidas nas obras dos seus autores que hoxe se agochan na súa casa en Trasalba, Amoeiro. Das máis de seiscentas dedicatorias que podemos atopar entre os seus estantes, centos de escritos que reflicten a admiración, a amizade ou a honra de tratar cunha figura tan importante do século pasado. Neste artigo centrarémonos só nas que nos resultaron máis significativas. Estas dedicatorias escritas a man non só revelan a relación persoal dos autores con Otero Pedrayo, senón que tamén nos ofrecen unha visión valiosa sobre a súa influencia na literatura e na sociedade.

1. DEDICATORIAS PARA RAMÓN OTERO PEDRAYO

1.1 Autores maioritarios

Ao mergullarnos nos textos enviados a Ramón Otero Pedrayo, descubrimos o pulso dunha época, onde a admiración e a amizade entre autores se entrelazan co fervor intelectual. A través destas palabras persoais respírase o respecto cara a un home que foi faro do pensamento galego. As dedicatorias revelan moito máis que cortesía: son testemuñas dun vínculo profundo entre escritores que, na súa loita por enxalzar a nosa lingua e cultura, atoparon en Ramón un referente indiscutible. Entre os autores máis destacados atopamos: Victoriano García Martí

Otero Pedrayo coñece a García Martí na biblioteca do ateneo de Madrid, lugar importante para a súa formación. Recóllense na casa oito dedicatorias dirixidas a don Ramón, sendo el o que máis lle escribiu este tipo de anotacións. Todas están escritas en castelán, destacando un estilo sinxelo e directo, pero cargado de afecto e respecto. Exemplos disto son:

“A mi muy querido y paternal amigo Ramon Otero Pedrayo”

ou

“A mi muy querido amigo y paisano Ramon Otero Pedrayo, La mas alta
figura de mi tierra galega Con un abrazo”

1.1.2. Rafael Dieste

Rianxeiro pertencente tamén ao Seminario de Estudos Galegos e amigo cercano de Otero dende 1927 - data do primeiro libro dedicado - ata o 1975, un ano antes da morte do ourensán. Deste período destacan tres dedicatorias: no ano 1936, a dedicatoria de *La vieja piel del mundo* (1936) onde se reflicte a afinidade intelectual e o respecto mutuo entre ambos. Destaca o perigoso camiño que compartían nun momento de gran incerteza política e social. Dieste recoñece a sintonía nos seus ideais e o compromiso común coa cultura galega e coa causa republicana, malia seguiren traxectorias persoais distintas.

“A Ramón Otero Pedrayo – por un sendero arriscado que tal vez cruza co
seu. Rafael Dieste. Roso de Luna, 28. MADRID.”

A seguinte dedicatoria data do ano 1947, despois de ter vivido en varios países de Europa e Latino América
fai chegar a Otero o libro *Historias e invenciones de Félix Muriel* (1943).



“A Ramón Otero Pedrayo De Lonxe, polos seus camiños.

Rafael Dieste. Buenos Aires 1947”

Un dos últimos escritos que Dieste envía a don Ramón, a menos dun ano do falecemento de Otero, é o libro
Testamento Geométrico (1975) onde plasma este sentir:

“A don Ramón Otero Pedrayo, que ama a Gran Tradición (e sabe como
ninguén, comunicarnos ise amor), mais acollendo n'ela, en un longo
murmurio musical o divagar lixeiro ou soñador dos homildes negados
e o sacro misterio das agachadas fontes. Cunha aperta i a fonda, viva
admiranza de seu vello amigo

Rafael Dieste A Cruña, Juño, 1975”





1.1.3. Xavier Bóveda

Xavier Bóveda, aínda que dez anos máis novo ca Otero Pedrayo, formou parte do cenáculo ourensán que Otero creou cos seus amigos e co que se constituíu a revista *La Centuria - Revista Neosófica - Orense - España*, publicada desde xuño de 1917 ata xullo de 1918, como un preludio á creación da revista *Nós*. Así, o mozo Bóveda, con só dezanove anos, fíxolle chegar durante ese período a don Ramón o seu primeiro libro, *Epistolario románico y espiritual* (1917), mostrando a súa temperá vocación artística e literaria e a admiración á figura do seu compañeiro.

“Para el cultísimo escritor y gran amigo Don Ramón Otero Pedrayo.

De un admirador, Xavier Bóveda. En Orense, 18-X-XVII”



O contexto social de comezos do século XX levou a Bóveda a trasladarse a Bos Aires en 1923, onde se asentou de forma indefinida. Esta nova realidade fixo que a súa relación con Galicia quedase impregnada da típica morriña dos emigrantes, algo que se reflexa nas dedicatorias que enviaba dende a distancia. A través destas, Bóveda expresaba o seu sentimento nostálgico.


“A Ramón Otero Pedrayo. Este libro de emociones de nuestra amada Galicia.
En la nostalgia de Xavier Bóveda.”

Agás a primeira dedicatoria, que si aparece datada no 1917 en Ourense, as demais son de libros publicados en Bos Aires entre os anos 1927 e 1937, todos eles escritos en castelán, con dedicatorias para Otero Pedrayo sen data.

1.1.4. Valentín Paz Andrade

As obras que Paz Andrade dedicou a Ramón Otero Pedrayo - todas posteriores a 1955 - reflicten un momento no que o pontevedrés xa se consolidara como unha figura clave na modernización e internacionalización da industria pesqueira galega. Co seu primeiro libro, *Principios de economía pesquera* (1951), o autor amosa un forte compromiso co mar, enfocando o tema de xeito pragmático pero sen esquecer o vínculo coa identidade, a cultura e as tradicións de Galicia. Neste contexto, a dedicatoria de 1955, que describe o seu libro como “sen canto e sen Terra” pero “enxendrado no amor ao mar”, subliña a dualidade entre o mundo mariño de Paz Andrade e o profundo arraigamento de Otero Pedrayo coa terra galega.

“A Ramón Otero Pedrayo, que leva no seu sangue o canto externo da nosa Terra, este libro sen canto e sen Terra, enxendrado no amor ao mar, co-a mais quente aperta de Paz Andrade. Vigo, xaneiro, 1955.”




1.2. Dedicatorias destacadas

1.2.1. Tres dedicatorias do círculo do galeguismo


O vínculo entre os membros do Grupo Nós transcendeu o ámbito profesional para converterse nunha profunda amizade marcada polo humor e as experiencias compartidas. Un exemplo disto é a famosa peregrinación a Santo André de Teixido de 1927. Durante a viaxe gozaron das delicias gastronómicas locais e o xamón converteuse nun símbolo cómplice das súas vivencias. Este espírito de compañeirismo e humor reflíctese claramente na dedicatoria que Florentino López Cuevillas lle fixo a Otero Pedrayo na obra *Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza*, escrita en conxunto con Fermín Bouza Brey. Con afecto e ironía, Cuevillas destaca a vasta cultura de Otero ao chamalo “xeógrafo heliogalalo” (sic), termo comunmente utilizado por Bouza Brey para referirse a don Ramón, que combina a súa erudición xeográfica coa súa visión europeísta. Tamén utiliza a palabra “gargantua” (sic), aludindo á sabedoría e ao seu aprecio pola boa vida, evocando a figura literaria do xigante homónimo, personaxe famoso pola súa gula, o mesmo que Pantagruel, da obra de Rabelais. O termo “verdugo de xamóns” remite á aventura compartida en Santo André, onde o bo humor e a boa mesa uniron aínda máis a estes intelectuais galegos.

“Pra o Ramón Otero, xeografo, heliogalalo, gargantua, pantagruel e verdugo de xamóns.
F.L. Cuevillas. Ourense 17 Xunio 1929.”



Tamén Castelao, no 25 de xullo de 1934, día do acto do seu ingreso como membro da Real Academia Galega, faille chegar a Otero *Os dous de sempre* (1943) dedicado. Na obra atopamos a voz firme e fraternal dun compañeiro de loita, un “irmán de onte, de hoxe e de mañán”. Castelao, como símbolo de Galicia e do espírito indómito, recoñece en Otero Pedrayo a un igual, alguén que comparte non só os ideais, senón tamén as mesmas inquedanzas e esperanzas para o futuro de Galicia. A dedicatoria chega a nós cargada de significado e como unha declaración de irmandade eterna.

“A Ramón Otero Pedrayo, meu irmán de onte, de hoxe e de mañán. Irmán até dispois da morte. No día de Galiza no 1934.”





Xa en 1970, Xosé Manuel Beiras, un dos intelectuais e políticos máis relevantes do galeguismo contemporáneo, adicou a Ramón Otero Pedrayo a obra *Estructura y problemas de la población gallega* cunhas palabras que revelan profunda admiración e respecto. Na dedicatoria, dirixida a unha das figuras máis senlleiras do Seminario de Estudos Galegos, Beiras recolle o simbolismo das horas compartidas nese espazo de cultura, facendo referencia aos compañeiros que abriron camiño para as xeracións posteriores.

Beiras preséntase como un irmán menor, cualificándose como “terciario franciscano”. Esta imaxe suxire un sentimento de continuidade no traballo a prol da cultura galega. Dado o contexto galeguista e o enfoque cultural e político de Beiras, podemos interpretar que aludir a unha “comunidade thelemita de galegos non prostituídos” suxire unha irmandade de galegos fieis á súa cultura e identidade, afastados de calquera forma de corrupción moral, cultural ou política. A referencia a non ser prostituídos reforza esta idea de resistencia

fronte á submisión a influencias externas que poderían corromper o galeguismo. A imaxe da comunidade thelemita² serve para exaltar a integridade e a independencia de espírito dos galeguistas comprometidos cunha ética colectiva, fiel aos valores do seu pobo.

“Para Don Ramón de Trasalba, en lembranza das horas do Seminario de Estudos Galegos, seus compañeiros de xeira nos vieiros que abriron para nós e praos que veñan afín de nós tamén. Coa miña afervorada gratitude e a miña humilde lealtade de irmau menor terciario franciscano na comunidade thelemita de galegos non prostituídos. Compostela, vran de 1970.”




1.2.2. Unha dedicatoria relixiosa

Outra dimensión a destacar en Ramón Otero Pedrayo é a posición relixiosa, que inflúe de maneira significativa tanto na súa obra literaria coma no pensamento filosófico e político. A fe católica, profundamente enraizada na tradición galega, coexistía cunha visión crítica e reflexiva da relixión, o que lle permitiu abordar temas espirituais cunha perspectiva ampla e matizada. Esta complexidade relixiosa non só enriqueceu a súa obra, senón que tamén consolidou a súa figura como un pensador cunha profunda comprensión do papel da relixión na vida e na sociedade. O posicionamento nas Cortes valeulle o respecto e a admiración de moitos, como reflicte a dedicatoria de Samuel Eiján na obra *Solaces del Hogar*.

² Asociado con Aleister Crowley e a súa relixión, *Thelema*, que se basea no principio da vontade verdadeira. No contexto da dedicatoria de Beiras é máis probable que se refira á idea rabelaisiana da Abbaye de Thélème, simbolizando unha comunidade libre e fiel aos seus propios principios éticos. <https://rodin.uca.es/bitstream/handle/10498/9630/17215699.pdf?sequence=1&isAllowed=y>

“Homenaje de admiración y afecto al Dr. Otero Pedrayo por su valiente confesión de fe católica en las Cortes. El autor. Santiago, 28-XI-931”

Dúas dedicatorias de dimensión privada



Máis aló da intensa vida pública e social, Ramón Otero Pedrayo atopaba en Trasalba o seu refuxio máis persoal e íntimo. Esta casa familiar, situada no corazón de Galicia, foi o escenario onde compartiu gran parte da vida coa súa nai Eladia e coa súa muller Fita. Trasalba non só era un lugar físico, senón tamén un espazo de recollemento, onde o escritor se retiraba das esixencias do mundo exterior para atopar paz e inspiración. Unha das dedicatorias destacadas é a que lle fixo a súa muller:


“A mi querido esposo, este obsequio en el día de su Santo para que le sirva de compañero en sus soledades de Trasalba.

Fita. 31 de agosto 1945”

O agasallo, o *Misal completo latinocastellano* (1944) de P. Vicente Molina, revela devoción persoal cara o seu home e mostra un reflexo da fe que compartían. Fita recoñecía a importancia deste lugar para o seu marido como un lugar onde podía estar en contacto consigo mesmo, coa súa espiritualidade e raíces. Con este xesto semella que Fita desexaba estar presente de forma indirecta neses momentos de reflexión, acompañándoo cun símbolo de fe compartida.

Anos despois, en 1973, Otero Pedrayo e Fita celebraron as vodas de ouro, unha ocasión que Felipe Fernández Armesto e Victoria Fernández España quixeron conmemorar cun agasallo cargado de simbolismo: un exemplar de *À la recherche du temps perdu* (1968) de Marcel Proust. A dedicatoria que acompaña ao libro reza:

“Para Don Ramón e Fita no día ditoso das suas bodas d’ouro, adicanlle iste libro coa descripcion dos costumes da vella Europa, os seus devotos amigos de sempre. Felipe Fdez Amesto, M^a Victoria Casa Grande de Xanceda, 4 de agosto de 1973”





Esta dedicatoria non só celebra o amor e a compañía que Ramón e Fita compartiron durante medio século, senón que tamén destaca a conexión intelectual que os unía aos seus amigos. O libro de Proust, unha obra que explora a memoria, o tempo e os costumes dunha Europa en transformación, foi un agasallo perfecto para un home como Otero Pedrayo, cuxo traballo tamén estaba ligado á historia e á tradición.

1.2.4. Unha dedicatoria símbolo da Galicia interior

En 1926, Ramón Otero Pedrayo únese ao Seminario de Estudos Galegos na sección de Xeografía ao tempo que continúa dando clases no Instituto Provincial de Ensino Medio de Ourense. Otero non só impartía coñecementos científicos, tamén cultivaba un profundo amor pola cultura e identidade galega. A súa capacidade para inspirar e motivar aos estudantes deixou unha pegada significativa na vida e pensamento de moitos deles. As aulas eran un núcleo de reflexión e afirmación cultural ademais dun espazo de aprendizaxe académico.

Esta admiración e devoción queda plasmada na dedicatoria de Manoel Celso Garrido, quen foi alumno de don Ramón e, xa adulto, desde o exilio en Santiago de Chile conseguiu o alcume de “poeta da saudade”³.

“Con temerosa audacia, que o Mestre me - ha de perdoar, vaia dende a emigración forzosa iste mensaxe de lealtá a Terra o meu admirado catedrático d-o Instituto d’Orense fai 25 anos: A Don Ramón Otero Pedrayo que tanto nos insinou coa súa conduta e a súa sabucia; ao mestre que tanto admirei e demiro, dend-o anónimo escoito na aula; dend-a cadea durante a guerra, mentras il d’abanos eixempro de barileza cívica dendafora, sentimento c-’agora, dend-o exilio nós, i-il espallando sabucia na Universidade; Terra! Sant-Yago de Chile, 4 - IX - 56”



3 O libro que presenta a dedicatoria é *Saudade* de Manoel Celso Garrido.

En 1956, Garrido rememora o impacto do seu mestre, destacando como as súas ensinanzas e exemplo continuaron a ser unha fonte de inspiración, mesmo en medio das dificultades do desterro:

“...Don Ramón era... el maestro completo que nos educaba... y nos acogía paternalmente, con cariño de padre, procurando no herir jamás nuestra sensibilidad. Con inteligencia y bondad, nos daba agilidad al cerebro y ánimos generosos al espíritu. Y cómo se aprende y se le toma cariño al estudio cuando el que nos enseña, además de catedrático o profesor, es un auténtico maestro, un educador...”⁴

1.2.5. Tres dedicatorias de autores dignos de destacar


En Traslalva podemos atopar dedicatorias de autores destacados na historia das letras tanto galegas como españolas, como son Emilia Pardo Bazán, Camilo José Cela ou Xosé Neira Vilas. Ofrécennos unha fiestra íntima cara as relacións persoais e literarias que Ramón Otero Pedrayo cultivou ao longo da súa vida. Cada unha delas encarna non só o respecto e a admiración que sentían por Otero, senón tamén a riqueza de matices que estas relacións persoais tiñan e que agora, a través das súas palabras, podemos recordar.

Emilia Pardo Bazán casou con José Quiroga Pérez, membro dunha familia fidalga con amplas propiedades no Carballiño. Emilia tivo unha sobriña que faleceu de tise, sendo propietaria do Pazo de Cornoces, situado en Amoeiro, polo que a proximidade xeográfica fixo que Enrique Otero Pedrayo, pai de Ramón Otero Pedrayo, participara como médico no seu tratamento, o que estableceu unha conexión entre ambas familias.

Máis tarde, en 1898, Emilia Pardo Bazán pronunciou un importante discurso en Ourense, ao que foron convidados os mellores estudantes da cidade, entre eles Ramón Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas.

Hai 37 anos de diferenza de idade entre Pardo Bazán e don Ramón e, na dedicatoria de *La dama joven* (1885), Emilia refírese a un novo “Ramoncito” Otero cunha sinxela alusión que evoca imaxes dun mozo Otero Pedrayo, aínda forxando o seu camiño na vida. Nesta breve dedicatoria apréciase a tutela cariñosa dunha escritora veterana cara un talento que aínda estaba por descubrir.



“A su joven amigo Ramoncito Otero La autora”



4 Garrido, 1947; tomado de Freire Freire, 2001.

A mediados do século XX, outro gran nome da literatura española ofrece a súa homenaxe a Otero Pedrayo. Na dedicatoria de *La familia de Pascual Duarte* (1951) Camilo José Cela subliña a súa devoción cara o ourensán. Esta elección de palabras, tan precisa e respectuosa, suxire unha reverencia que Cela tiña cara Otero, non só pola súa figura intelectual, senón tamén pola súa identificación compartida coas mesmas raíces. Aquí, as palabras de Cela parecen achegarnos a unha Galicia común onde a admiración flúe naturalmente naqueles que comparten unha visión e un orgullo polos seus orixes.

“A don Ramón Otero Pedrayo, de su paisano y admirador devoto,
Camilo José Cela”



Por outra banda, Xosé Neira Vilas, un dos grandes nomes da literatura galega, dedícalle a Otero Pedrayo as súas *Memorias dun neno labrego* (1972) coa calor que só pode vir dun corazón que latexa en sintonía co de Galicia. Neira Vilas, a través de Balbino, o seu inesquecible protagonista, establece un fío directo co corazón de Otero, simbolizando unha conexión indisoluble coa súa terra. Esta dedicatoria é unha afirmación compartida de identidade e resistencia cultural.

“O corazón de Balbino, latexa sempre Galiza. Cordialmente.”

2. DEDICATORIAS PARA OUTROS

Na casa de Trasalba de Otero Pedrayo atopamos libros que pasaron a formar parte da biblioteca de diferentes xeitos. Hai libros que foron doados, como ocorre por exemplo coa colección do Xocas; obras que foron agasalladas directamente a don Ramón; libros que recibiu como herdanza de vidas pasadas; ou libros que mercou o propio escritor.

Entre todos eles podemos atopar dedicatorias persoais a figuras como Antonio Noriega Varela, Enrique Otero Pedrayo, Waldo Álvarez, Vicente Risco, María Luísa Galán Bustamante, Castelao ou Cunqueiro. A existencia destas obras dentro da colección suxire que a biblioteca non é só un espazo de preservación literaria, senón un lugar de encontro, un nó invisible de relacións intelectuais e afectivas que conecta autores, ideas e épocas.

O acto de manter estes libros en Trasalba preserva o pasado e mantén viva a tradición intelectual como un diálogo en curso. Nese sentido, os libros dedicados na casa de don Ramón constitúen moito máis que unha colección persoal. Estas obras son testemuñas dunha sociedade literaria onde o valor non se atopaba só no que se publicaba, senón nas relacións que se forxaban entre os que escribían. Así, a biblioteca non é só un arquivo de libros, senón un microcosmos da cultura galega, construído a partir de afectos e afinidades intelectuais que aínda perduran no tempo.

Descubriremos neste apartado algúns dos moitos persoeiros que transcenderon a súa historia persoal para participar na rede de conexións de Otero Pedrayo e da súa fortaleza en Trasalba.

2.1. Noriega Varela

Noriega Varela pasa trece anos na aldea de Trasalba, onde consegue praza como profesor na escola, moi próxima a residencia da familia Otero Pedrayo. Durante este tempo establece unha estreita amizade con don Ramón, quen por aquel entón era un mozo estudoso e de fondas inquietudes intelectuais. Esta convivencia en Trasalba permitiulles compartir ideas literarias e culturais, consolidando unha relación de admiración mutua.

Das trece dedicatorias conservadas na casa para Noriega Varela, dez delas están en portugués (libros e autores portugueses); dúas en galego, e unha en castelán, sendo a dedicatoria máis antiga datada do ano no que chega Noriega Varela a Trasalba, 1914, de Aubrey F. G. Bell, que lle adica o seu libro *Lyrics of Gil Vicente* (1914) coa inscrición:

“Al Sr D. Antonio Noriega Varela homenaje de Aubrey F. G. Bell.”

As dedicatorias máis recentes datan xa do ano 1924, dous anos antes de que Noriega Varela deixe Trasalba. Teixeira de Pascoães e Raúl Brandão son os autores máis destacados, con cinco e tres libros asinados respectivamente.


2.2. Enrique Otero

Enrique Otero, pai de Ramón Otero Pedrayo, foi médico e exercía a súa profesión como doutor na cidade de Ourense. Membro dunha familia acomodada e influente desta cidade, o seu traballo e posición social tiveron un impacto importante na formación do seu fillo, especialmente no acceso á educación e ao desenvolvemento cultural que Ramón tivo dende moi novo. Na casa de Trasalba podemos atopar ata cinco dedicatorias en libros editados na segunda metade do século XIX con dedicatorias a Enrique Otero. Grazas a isto podemos saber que don Ramón conservou a biblioteca privada do seu pai e conformou a súa propia incluíndo as obras que el lle deixou trala súa morte. Algunhas das dedicatorias que podemos atopar son:

“A Enrique Otero, Medico. Paz.”

ou

“A Enrique Otero, lido en Medicina, en prueba de afecto y consideración.”




2.3. María Josefa Bustamante

Fita, como era coñecida María Josefa Bustamante Muñoz, foi a esposa de Ramón Otero Pedrayo e unha figura central na súa vida persoal, xunto coa súa nai. A pesar diso, moitas veces vese relegada ao papel secundario de ser “muller do escritor”, diluíndo a súa propia identidade e relevancia. Este é un reflexo da sociedade da época, onde as mulleres eran frecuentemente presentadas en función dos seus maridos, especialmente cando estes tiñan un papel destacado na vida pública e cultural. É significativo que, entre as poucas dedicatorias recollidas por autoras femininas –menos do cinco por cento do total–, todas as dirixidas a Fita proveñen de mulleres. Isto subliña a solidariedade e recoñecemento entre as autoras femininas cara Fita. Estas dedicatorias representan un xesto de amizade ou afecto persoal e tamén un recoñecemento implícito ao papel de Fita como compañeira de vida e de proxecto do ilustre escritor. Este recoñecemento, aínda que minoritario nas dedicatorias, dinos que Fita non foi só unha testemuña pasiva da traxectoria de Otero Pedrayo, senón unha presenza activa e significativa.

“Para Fita y D. Ramón Otero Pedrayo con cariño y amistad en estas
Navidades de 1974-75. Orense 23-12-74”

“A Dn Ramón Otero Pedrayo, Maestro das Nosas Letras. Coa sempre viva
admiración e afecto, e pra Fita. Pura Vázquez.”

“Para Fita y Ramón Otero Pedrayo, amigos ayer, hermanos hoy, y siempre
de Matilde Valencia Febrero, 1972”




2.4. María Luísa Galán Bustamante

Foi a sobriña do matrimonio e pasou longas temporadas en Ourense⁵. Foi a encargada de atender aos seus tíos, Fita e Ramón, durante os últimos anos da súa vida. Na casa recolléronse dúas dedicatorias destinadas a ela, deixando deste modo a súa pegada persoal na historia desta biblioteca. Como ocorre con Fita, son libros dedicados tamén por mulleres.

“A M^a Luisa Galan Bustamante, afectuosamente Pura y Dora Vazquez.
Orense 20-4-75”

“A M^a Luisa Galán, como recuerdo navideño y de cordial amistad Matilde
Zamanillo. Santander. 4-1-73”



5 <https://www.laregion.es/articulo/historia-en-4-tiempos/hemeroteca-cada-bercianos-expresa-lengua-ga-llega/202110240828091075111.html>

3. DERRADEIRO PRÓLOGO; DE EDICIÓN DESCOÑECIDA

Non todas as dedicatorias teñen autor coñecido, data, lugar nin presentan suficientes datos como para revelarnos todo o seu valor, pero a súa importancia reside na conexión humana que establecen a través das palabras, mostrando sentimentos, emocións e historias compartidas. Neste caso, serven para acompañar e enriquecer o relato histórico dunha figura e dun país, conectando o pasado co presente e mantendo viva a memoria cultural:

“Con humildade a Don Ramón pra que Deus a iste ylustre home universal lle concenda longa é alumeada vida pra que poida seguir escribendo no noso idioma do que nunca a pesar de estar no cumio das letras españolas é estranxeiras se olvidou nin da súa fala nin da súa lingua se avergonzou.”

Estas palabras reflicten o inmenso legado intelectual de Otero Pedrayo, que abarca desde a súa obra literaria e historiográfica ata a súa contribución ao pensamento e á educación, ademais do seu compromiso inquebrantable coa lingua e cultura galegas. Durante toda a súa vida, Otero defendeu con valentía e perseveranza o uso do galego, elevándoo a unha linguaxe culta e literaria en momentos nos que esta estaba marginada e menosprezada. A súa dedicación á causa galeguista foi unha constante, unha loita por preservar e revitalizar unha identidade que consideraba esencial para o futuro de Galicia. O seu espírito, que iluminou con forza o seu tempo e deixou unha pegada profunda na historia cultural do país, seguirá abrindo camiños para as futuras xeracións.

Don Ramón, na súa última vontade, deixou moito máis que un legado material; deixou un camiño trazado, unha dirección clara para a cultura galega no sentido no que el a defendeu toda a súa vida. Encomendou a custodia do seu patrimonio a Domingo García Sabell, Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, coa firme intención de que a súa casa se convertese nun fogar para estudantes e artistas, un lugar onde as novas xeracións puidesen alimentar o espírito galego e seguir avanzando *polo no rumbo da cultura galega* que el mesmo desempeñara⁶. Este artigo, nado da xenerosidade dun home que sempre entendeu a cultura como unha corrente viva e compartida, é moito máis que un recordo. É unha homenaxe a ese legado e un tributo á súa visión.

6 Testamento de 1958. Arias Chachero, 2018: 55 e ss.

BIBLIOGRAFÍA

Arias Chachero, P. (2018): «Os testamentos de Ramón Otero Pedrayo». *Grial*, 56 (218), 48–59.

Freire Freire, M. (2001): *Manuel Celso Garrido: achegamento á súa vida e obra. Actas Congreso Internacional O Exilio Galego*. http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2001_Actas-do-congreso-internacional-O-Exilio-Galego.pdf

Garrido, M. C. (12 de xullo de 1947): *Don Ramón Otero Pedrayo. Saúdo d-un alumno*. Galicia, 1014.

V.V.A.A (1998): *Diccionario de termos literarios A-D*. Santiago, Centro Ramón Piñeiro para o Estudo das Humanidades.

PRÁCTICAS EPISTOLARES E CONSTRUCCIÓN DO CANON LITERARIO:

ANISIA MIRANDA FERNÁNDEZ
E RAMÓN OTERO PEDRAYO

ENTRE TRASALBA E BOS AIRES,
1959–1960

Andrea Mosteiro Sangiao

Universidade de Santiago de Compostela

*A Anisia Miranda, Arantxa
Fernández, Dolores Vilavedra,
María Xosé Neira e Patricia Arias
dedico estas páxinas.*

1. INTRODUCCIÓN: PRÁCTICAS EPISTOLARES, CURACIÓN E A CONSTITUCIÓN SIMBÓLICA DA AUTORIDADE LITERARIA

O presente estudo proxecta a correspondencia entre Anisia Miranda Fernández e Ramón Otero Pedrayo (1959–1960) como eixo analítico para comprender a produción da autoridade literaria na diáspora galega. A selección epistolar obedece a unha decisión metodolóxica explícita: as cartas son tratadas como fontes primarias operativas, non como anécdotas persoais, porque nelas condensan prácticas curatoriais, enunciacións valorativas e disposicións materiais que modelan visibilidades e condicionan pautas de recepción.

Parte da hipótese de que a autoridade literaria non se explica só polo prestixio individual nin por recoñecementos discretos, senón pola confluencia sostida de intervencións materiais —convocatorias, seleccións textuais, organización de actos, mecanismos de difusión— e enunciacións simbólicas —eloxios, argumentacións estéticas, prescricións lectoras. Dende esa perspectiva, a lectura seriada da carta-homenaxe promovida por Follas Novas e da misiva laudatoria de Otero permite avaliar ata que punto o impulso curatorial de Miranda e o aval retórico de Otero xeraron circulacións e memoria duradeiras ou se permaneceron como intervencións episódicas.

O corpus delimítase estritamente ao intercambio epistolar entre ambos e aos documentos directamente referenciados nas misivas: o documento programático de Follas Novas, os paratextos da homenaxe e as recepcións contemporáneas (recensións, programas, crónicas) aludidas nas cartas. Esta restrición metodolóxica garante inferencias ancoradas en probas arquivísticas e evita proxeccións alleas ao arquivo, co obxecto de sustentar conclusións verificables e reproducibles.

Os obxectivos son operativos e complementarios: reconstruír con precisión as prácticas curatoriais e organizativas impulsadas por Miranda; identificar os criterios estéticos e os recursos argumentativos mobilizados por Otero; avaliar os efectos concretos desa conxunción sobre circulación, atención pública e memoria da obra de Miranda; e propoñer liñas editoriais e historiográficas, fundadas na evidencia, orientadas á súa restitución.

A metodoloxía combina microlectura sincronizada do corpus, correlación da práctica curatorial co perfil formal dos textos promovidos e rastrexo das recepcións contemporáneas citadas nas misivas. Todas as interpretacións permanecen circunscritas ao material do arquivo e ás probas que o propio intercambio mobiliza.

Como achega provisional, o exame documental indica que Miranda actuou como motor operativo de visibilización e que Otero proporcionou un aval retórico de notable intensidade; con todo, esa conxunción, tal como se constata nas fontes, resultou insuficiente para asegurar por si soa a sedimentación canónica da obra. Entre as causas identificadas figuran as limitacións das redes emigradas, o carácter episódico dalgunhas intervencións e as dinámicas do campo literario, que esixen procesos prolongados e infraestruturas estables. A partir desta evidencia fórmulanse, ao final do estudo, propostas concretas para traducir a presenza epistolar en medidas efectivas de restitución da memoria literaria.

2. CONTEXTO HISTÓRICOCULTURAL: BOS AIRES NA METADE DO SÉCULO XX E A MATERIALIZACIÓN DO DIÁLOGO TRASATLÁNTICO ENTRE DOUS AUTORES

Anisia Miranda Fernández incorpórase ao tecido asociativo de Bos Aires a partir de 1953 coa formación xornalística adquirida no Instituto Grafotécnico, e a súa traxectoria debe comprenderse como o produto dunha confluencia entre saberes técnicos e compromiso identitario. Lonxe de limitarse á creación literaria, Miranda desenvolveu unha praxe que integraba traducións, elaboración e edición de textos, colaboración en órganos de prensa da emigración e a sistematización de actividades públicas —faladoiros, exposicións, mesas redondas— xunto a labores técnicos imprescindibles para a circulación do libro —catalogación, negociación editorial, coordinación distributiva— (Pérez Leira, 2008; Vázquez et al., 2004). Esta articulación de funcións convértea nela unha instancia mediadora: non unha autora illada, senón unha operadora cultural que procurou instituír condicións estables de recepción e de memoria para a produción galega no exterior.

A constitución institucional dese repertorio operativo atopou unha canle lexítima en Follas Novas. Fundada o 15 de xullo de 1957 por iniciativa de Miranda e Xosé Neira Vilas, a entidade programouse como algo máis que unha librería domiciliaria: a rúa Asunción 3035 foi convertida deliberadamente nun nodo editorial e distributivo destinado a centralizar fondos, concertar alianzas con selos de Bos Aires e da península e configurar unha materialidade editorial determinada por criterios estéticos e tipográficos —co proxecto gráfico de Luís Seoane como marcador— que procuraban dotar ás edicións dunha presenza material e dun prestixio simbólico visibles (Longbini, 2008; Alonso Montero & Neira Vilas, 2001; Martínez, 2024). A empresa editorial non se limitou á produción do obxecto libro; articulou, simultaneamente, unha arquitectura relacional capaz de impulsar rutas de circulación transnacional cara a centros como Montevideo, Caracas, Nova York e Santiago de Chile (Gómez, 2010).

A actividade de Follas Novas inscríbese, ademais, nun horizonte político determinado pola restrición e vixilancia cultural imposta pola ditadura española, que transformou a emigración nunha esfera decisiva de preservación lingüística e de reivindicación simbólica. En resposta a esa contención, a programación continuada de exposicións, homenaxes e congresos actúa como estratexia deliberada de visibilización: editar para memorizar; celebrar para lexitimar; exhibir para reclamar canles de retorno simbólico. Deste xeito, as prácticas da editorial deben entenderse como pezas dunha política cultural emigrada, orientada a crear públicos, a mobilizar adhesións e a consolidar memoria colectiva fóra das institucións peninsulares (Fandiño, 2009; Pérez, 2007).

No seo desa programación programada e disciplinada encóntrase, en termos prácticos, o punto de contacto coa autoridade canónica da metrópole. A homenaxe a Ramón Otero Pedrayo, celebrada o 14 de agosto de 1959 no Centro Lucense e promovida por Follas Novas, configúrouse non só como cerimonia conmemorativa senón como un dispositivo público de interlocución entre periferia e centro: a convocatoria reuniu voces do exilio —Dieste, Ramón Suárez Picallo, Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor— e permitiu que a intervención de Otero fose percibida como selo de lexitimidade; a súa valoración do acto como “manifestación do fervor da patria nunha constante e creadora afirmación da identidade” situou a iniciativa emigrada nun rexistro de recoñecemento canónico que excede a simple solemnidade e que proxectou posibilidades concretas de proxección editorial (Otero, 1959 *apud* Arquivo Fundación Penzol).

A proxección pública materializouse de inmediato nesa forma híbrida que son as cartasacción: o intercambio epistolar entre Miranda e Otero debe lerse como prolongación instrumental da homenaxe, non como mera etiqueta. Nas misivas articuláronse acordos de cesión, solicitudes de prólogos, coordinacións de difusión e outras operacións administrativas e simbólicas que procuraban converxer a adhesión retórica en rutas efectivas de circulación e recepción para as publicacións de Follas Novas (Arquivo do fondo Follas Novas do Consello da Cultura Galega, 2024; Arquivo Anisia Miranda da Fundación Neira Vilas, 2025). Así, o vínculo persoal instaurado no espazo público actuou como mediación técnica: o aval dunha figura consagrada traducíase en instrumentos editoriais susceptibles de incrementar a visibilidade e a credibilidade das obras.

Non obstante, unha lectura crítica e contextualizada debe sinalar as limitacións estruturais dese dispositivo de validación. A conxunción entre iniciativa emigrada e aval metropolitano xerou, en non poucos episodios, intensos picos de atención, mais a sedimentación canónica exige concatenacións institucionais e recursos duradeiros —infraestruturas editoriais consolidadas en Galicia, continuidade organizativa e solvencia económica— que non sempre estiveron ao alcance das redes exiliadas. A precariedade financeira, a mobilidade constante dos axentes culturais e a dependencia de reciprocidades institucionais en Galicia explican porque moitas actuacións, aínda que eficaces e simbolicamente salientables, non alcanzasen a permanencia canónica desexada (Vilanova, 1966; Pérez Leira, 2008). En consecuencia, o episodio Miranda—Otero debe lerse como exemplar dunha táctica emigrada de procura de lexitimación: eficaz para producir efecto e proxectar visibilidade a curto prazo, mais condicionada por coordenadas materiais e institucionais que limitaron a súa tradución en permanencia canónica.

3. CORPUS DE ESTUDO

O corpus adoita comprender o conxunto das misivas directas intercambiadas entre Anisia Miranda Fernández e Ramón Otero Pedrayo conservadas nos fondos consultados e os documentos explicitamente referenciados nas propias cartas, nomeadamente a carta convocatoria de Follas Novas do 26 de xuño de 1957, os programas e paratextos da homenaxe do 14 de agosto de 1959 e as recepcións contemporáneas (recensións, crónicas, notificacións) mencionadas nas misivas. Esta clausura documental obedece a unha decisión metodolóxica deliberada: tratar a correspondencia como fonte operativa que documenta prácticas curatoriais, enunciacións valorativas e disposicións materiais, e non como simple anécdota biográfica. Cada peza é, por tanto, unidade analítica integrada; a súa lectura artículase simultaneamente en rexistro material, transcripción, lectura retórica e interpretación funcional das operacións que a epístola impulsa no tecido editorial e asociativo da diáspora.

3.1 *Descrición material e paratextual das pezas*

As cartas de Miranda presentan unha morfoloxía dupla: por unha banda, documentos mecanografados en papel con cabeceira de Follas Novas (Asunción 3035), formulados en rexistro institucional para convocar, organizar e delegar; por outra banda, anacos manuscritos adxuntos que introducen matices afectivos, instrucións de última hora ou aclaracións técnicas. A presenza do soporte corporativo, das rúbricas “Anisia de Neira Vilas” e das datacións precisas sinala a vontade de institucionalizar tanto a iniciativa como o arquivo que dela deriva. As pezas actúan como instrumentos de xestión editorial; as anotacións manuscritas mostran o carácter procesual da toma de decisións.

As misivas de Otero son esencialmente manuscritas, con caligrafía cursiva, emendas e marcas de pegado que denotan envío postal e relectura. As indicacións topográficas (Ourense, Trasalba) e a tonalidade epistolar instalan a resposta nun marco de autoridade metropolitana. Os sobres, listaxes e esbozos programáticos que acompañan determinadas cartas deben interpretarse como paratextos operativos: non son residuos biográficos senón pegadas do proceso editorial que ligan o discurso interpretativo coa praxes da distribución, da impresión e da difusión.

3.2 *Tipoloxía funcional e rexistro comunicativo*

As misivas cumpren funcións múltiples e frecuentemente superpostas. Algunhas son documentos programáticos e convocatorias que institúen espazos e calendarizan accións culturais. Outras son peticións e negociacións editoriais que solicitan prólogos, coordinan remesas e articulan calendarios de impresión. As valoracións de Otero desempeñan a función de sanción simbólica; non son meros afectos privados senón actuacións que poden ser mobilizadas como selo de autoridade. Existen, finalmente, pezas híbridas en que a apreciación estética desemboca en instrucións prácticas, demostrando a continuidade operativa entre valoración e acción.

O rexistro comunicativo que emana deste intercambio é culto, deferente e estratéxico. Miranda adopta un ton profesional orientado á eficiencia e á mobilización; Otero mantén o rexistro do crítico veterano, con formulacións metafóricas e alusivas que funcionan como certificacións de valor. A epístola actúa así como tecnoloxía de mediación: a palabra epistolar produce efectos simbólicos e materiais no campo literario.

3.3 *Lectura estilística comparada: retórica e estratexias de persuasión*

A escrita mecanografada de Miranda privilexia a precisión e a economía do enunciado, inclúe listaxes, chamadas á colaboración e formulacións programáticas que procuran efectos concretos no ámbito da edición e da circulación. A súa retórica combina apelación patriótica e demanda instrumental: a acción é sempre orientada a fins de consolidación institucional e a creación de circulacións transnacionais.

A escrita manuscrita de Otero funda a súa persuasión na metáfora e na alusión erudita. As imaxes naturais —paxaros, lira, vendaval— e as formulacións de carácter axiomático —luz, paixón fina, elegancia de vella raza— funcionan como categorías interpretativas que elixen unha obra para integrala no círculo do prestixio. A elocuencia de Otero actúa como microprólogo e como selo simbólico, apto para ser reproducido en paratextos de difusión e en recensións.

A complementariedade entre estas dúas voces produce un dispositivo de coprodución da autoridade: Miranda crea e expón o obxecto e o dispositivo de circulación; Otero outorga a sanción interpretativa que facilita a súa incorporación ao espazo do prestixio cultural.

3.4 *A carta de Otero do 30 de San Xoán de 1960: lectura pormenorizada e hipótese de alusión á antoloxía*

A misiva de Ourense do 30 de San Xoán de 1960 presenta unha densidade e unha especificidade lexicais que permiten formular unha hipótese de traballo fundada e moderada. Otero mobiliza motivos lexicais —“paxaro de ouro, fumazo azul dos seus tabacos, vendaval que descendeu da Serra Maestra, luz e paixón fina, elegancia de vella raza” (Otero, 1960 *apud* Arquivo Anisia Miranda da Fundación Neira Vilas)— que coinciden de maneira notábel co repertorio temático e sensorial que a antoloxía *Esta es mi Cuba, hermano* exhibe na súa edición de 1960. A hipótese interpretativa propón que Otero está a reaccionar a materiais en circulación preeditorial, é dicir a manuscritos ou probas que Miranda podería ter remitido a figuras canónicas en procura de valoración e apoio.

Metodoloxicamente, a atribución exige cautela. A ausencia de mención nominal do título na carta transforma a correlación en inferencia e non en constatación incontrovertible. A solidez da hipótese descansa nun triplo fundamento: a converxencia léxica e imaxinal entre misiva e antoloxía, a plausibilidade cronolóxica da circulación previa de textos no ámbito emigrado e a práctica documentada de solicitar valoracións a figuras consagradas mediante envíos de probas. Se a hipótese fose confirmada mediante a localización de exemplares de proba ou listaxes de remesa dirixidas a Otero, a carta adquiriría estatuto non só de testemuño

afectivo senón de instrumento operativo na constitución da autoridade editorial da antoloxía (Arquivo da Fundación Anisia Miranda, 2024; Mosteiro, 2025).

3.5 *Descrición crítica da antoloxía Esta es mi Cuba, hermano e a súa interdependencia co corpus epistolar*

A antoloxía *Esta es mi Cuba, hermano* publicada por Editorial Follas Novas en 1960 configura un proxecto poético coherente no que se entrelazan a memoria íntima e unha herdanza colectiva consciente; ao artellar-se en torno ao enunciado leitmotivario *Esta es Cuba*, o volume non só marca a súa unidade temática senón que institúe un rito lector que reafirma a pertenza. Ademais, as fórmulas enumerativas —*Hermano blanco; Hermano negro; Hermano indio*— funcionan como operación semiótica de inclusión, unha retórica de fraternidade que procura desactivar as divisións sociais e constituír un suxeito colectivo plural.

Por outra banda, a imaxinería sensorial que percorre a selección combina imaxes do tabaco e da luz con metáforas que incorpora aparicións oníricas —bolboretas— e mobiliza figuras elementais —vendavais— co obxecto de esculpir unha topografía afectiva onde a melancolía da diáspora convive coa esperanza renovadora. Deste xeito, a imaxinación poética traduce a dor do exilio nun impulso de reconstrución; en consecuencia, a metáfora condensa tanto a precariedade do suxeito desprazado como a posibilidade de arraigamento noutro contorno.

En paralelo, a oposición simbólica que contrapón o vendaval da *Serra Maestra* e os *malos aires* de Bos Aires inscribe a obra nun escenario político e mítico onde a forza purificadora da revolución se enfronta á presión asfixiante das condicións exiliadas, achegando á poética unha carga ética e histórica que excede a mera descrición paisaxística. Así mesmo, o prólogo de Leónidas Barletta intensifica esta dimensión: lonxe de funcionar como simple preámbulo laudatorio, o texto sitúa a selección nunha tradición de compromiso estético e pedagóxico, convertendo o paratexto nun espazo de tensión entre a enerxía inefábel da palabra poética e a urxencia de enmarcala historicamente.

Por tanto, a lectura atenta da antoloxía explica por que as imaxes que Ramón Otero mobiliza na súa carta reverberan coa obra; as correspondencias lexicais non poden reducirse a coincidencias temáticas fortuítas, senón que revelan a converxencia dun horizonte interpretativo e dun proxecto poético compartido entre autora e lector canónico, tal como se documenta nos fondos e nas edicións consultadas (Arquivo da Fundación Anisia Miranda, 2024; Mosteiro, 2025).

A lectura atenta do corpus confirma que a correspondencia entre Anisia Miranda e Ramón Otero funciona como un dispositivo híbrido que articula operacións administrativas, operacións estéticas e procesos de lexitimación. As misivas actúan simultaneamente como instrumentos de xestión editorial e como vehículos de sanción simbólica: por unha banda, organizan programas, solicitan prólogos e coordinan envíos; por outra, certifican valor literario e facilitan a proxección social das obras. Con todo, tal influencia epistolar non é suficiente, por si soa, para asegurar a sedimentación canónica dunha obra. A constitución do canon obedece a concatenacións institucionais máis amplas —infraestruturas editoriais, redes de distribución, presenza crítica continuada e recursos materiais— que o propio corpus fai visibles como condicións necesarias.

A hipótese segundo a cal a misiva de Otero, datada do trinta de San Xoán de 1960 alude a textos que integran a antoloxía *Esta es mi Cuba, hermano* resulta verosímil e heurísticamente fecunda; non obstante, debe formularse no corpo do estudo como inferencia provisional, condicionada á obtención de probas arquivísticas que confirmen a circulación preeditorial (Arquivo da Fundación Anisia Miranda, 2024; Mosteiro, 2025). Mantida esa cautela metodolóxica, a carta conserva o seu valor como eixo interpretativo que ilumina prácticas curatoriais e mecanismos de autoridade sen substituír a necesidade de evidencia documental para formulacións definitivas.

4. CONCLUSIONES

A lectura documentaria e estrita do intercambio epistolar entre Anisia Miranda Fernández e Ramón Otero Pedrayo (1959–1960) corrobora, con nitidez probatoria e hermenéutica, que a autoridade literaria non reside en atributos individuais incardinados de xeito natural, senón que é un efecto producido por redes de intervencións materiais e de enunciacións simbólicas. As cartas, entendidas aquí como instrumentos de acción e non como meras confesións privadas, revelan unha tecnoloxía da visibilidade: nelas escríbense seleccións, programáticas, prescricións lectoras e acordos de circulación que crean ocasións, moldean percepcións e institúen ámbitos de valoración.

Miranda aparece nas misivas como artífice dunha praxes curatorial metódica e orientada ao longo prazo: non se trata dunha sucesión de xestos fortuítos, senón dun repertorio de operacións —convocatoria, elección textual, articulación con órganos de prensa emigrada, distribución de roles— destinado a producir públicos e a inscribir obras nunha secuencia de atención pública. Esa tenacidade, documentada en termos precisos no arquivo epistolar, cualifica a súa intervención como tecnoloxía cultural: unha acción que xera condicións de percepción e que tenta constituír a obra como obxecto recoñecible e repetible dentro dos circuitos de lectura.

Otero exerce, pola súa banda, a función de referente simbólico coa forza propia das autoridades consagradas: as súas adhesións, os seus textos laudatorios e as súas recomendacións constitúen marcos interpretativos que orientan receptores e críticos, producen efectos de acreditación e facilitan accesos institucionais. O seu aval non é só adxectivo; é operativo: converte os acontecementos en enunciados susceptibles de reprodución crítica e, potencialmente, de canonización. Poñer a Otero —isto é, reconstituír e instrumentalizar a súa intervención— equivale, pois, a transformar un xesto retórico en ferramenta de acción institucional.

Non obstante, a análise revela que esa conxunción —enerxía curatorial máis aval retórico— constitúe condición necesaria pero carece de suficiencia para garantir a sedimentación canónica. A fragmentación das redes emigradas, a periodicidade das intervencións e a carencia de infraestruturas editoriais, arquivísticas e académicas de longo alento impediron que os picos de visibilidade se convertesen en hábitos lectores, en programas editoriais continuados e en memoria institucional duradeira. A autoridade proposta nas misivas necesitaba, ademais, procesos de reprodución técnica e temporal: edición sistemática, preservación documental, difusión reiterada e incorporación aos circuitos formativos e críticos.

Da propia epístola, non obstante, emana un mapa operativo que permite debuxar estratexias de restitución. Primeiro, a edición crítica e anotada do corpus epistolar e dos paratextos asociados é un acto de arquitectura intelectual: reconstitúe intencións, evidencia tácticas curatoriais e ofrece aos investigadores e ao público os instrumentos para comprender os modos de formación da autoridade. Segundo, a dixitalización e a agregación documental superan a dispersión das fontes emigradas e facilitan a reproducibilidade investigativa. Terceiro, un proxecto editorial sostido —reedicións, antoloxías, volumes críticos— garante a continuidade formal que a canonización esixe. Cuarto, a activación instrumental do aval de Otero, mediante a incorporación explícita dos seus paratextos en edicións e programas, transforma a súa autoridade en negociación institucional. Quinto, a creación de redes transnacionais de cooperación entre arquivos, editoras e centros académicos suprima a fragmentación xeracional e territorial.

Pór en práctica estas medidas implica pensar a restitución non como simple reparación memorial, senón como operación instituínte: trata de reconstruír as condicións materiais e simbólicas que fan posible a autoridade. Poñer a Otero non significa idealizar unha figura, senón situar o seu referendo nas tácticas de comunicación e nas negociacións institucionais que poden abrir portas a editoras, arquivos e patrocinadores culturais; poñer Miranda implica transformar a súa tecnoloxía curatorial en prácticas repetibles e en bens culturais estables.

En última instancia, o arquivo epistolar actúa tanto como testemuña como como modelo operativo. As cartas mostran que a autoridade se fabrica mediante prácticas, que as palabras poden ser ferramentas instituíntes e que a cristalización histórica require infraestruturas e continuidade. Só por medio dunha estratexia sincrética —edición erudita, dixitalización rigorosa, programación editorial continuada, activación crítica do aval retórico e redes de cooperación— será posible converter os movementos epistolares nunha presenza duradeira no mapa canónico galego. Esta é, finalmente, a liña de acción que o corpus non só suxire senón que demanda: unha política cultural fundada en evidencia, destinada a traducir enerxía epistolar en presenza histórica.

BIBLIOGRAFÍA

Alonso Montero, X., & Neira Vilas, X. (2025). *Correspondencia 1965-2014*. Vigo: Editorial Galaxia

Consello da Cultura Galega. (2024). *Arquivo do fondo Follas Novas da Emigración Galega* [Fondo]. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega

Fandiño, X. (2009). *As mans no aire de Ramón Piñeiro nas décadas de 1950 e 1960*. Cultura galega. <https://culturagalega.gal/noticia.php?id=14692&soportal=nin-gun>. Data de acceso: 12/02/2025.

Fundación Penzol. (s.d). *Arquivo Follas Novas* [Fondo]. Vigo, Galicia: Fundación Penzol.

Fundación Xosé Neira Vilas. (2025). *Arquivo Anisia Miranda* [Fondo]. Vila de Cruces, Galicia: Fundación Xosé Neira Vilas.

García, V. (coord.) (2010). *Homenaxe a Anisia Miranda* (PDF). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Longhini, N. (2003). *Buenos Aires na obra de Neira Vilas*. Sada: Edicións do Castro.

Longhini, N. (2008). *Neira Vilas, os anos da Arxentina, 1949-1961*. Vigo: Editorial Galaxia

Mosteiro, A. (2025). *Anisia Miranda Fernández: vida e obra dunha escritora universal* [TFG]. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela

Neira Vilas, X., & Alonso Montero, X. (2001). *A cultura galega en Buenos Aires, 1950-1960*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.160>

Pérez, L.(2008). *Ramón Suárez Picallo. El primer diputado de la emigración*. Vigo: Grupo de Comunicación Galicia en el Mundo.

Neira Vilas, X., & Alonso Montero, X. (2001). *A cultura galega en Buenos Aires, 1950-1960*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.160>

Pérez, L.(2008). *Ramón Suárez Picallo. El primer diputado de la emigración*. Vigo: Grupo de Comunicación Galicia en el Mundo.

Peréz, M.(2007). 50 anos de Follas Novas (1957): unha historia do libro galego nas Américas. *Grial: revista galega de cultura*, (176), 104-107.

Piñero, A. (2011). Pepe Velo e Anisia Miranda: dúas historias (apócrifas) cruzadas nunha fotografía. *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares*, (35), 50-57.

Vázquez, G., Núñez, C., & Carral, A. C. (2004). *Una historia que no cesa: De los centros provinciales al Centro Galicia de Buenos Aires*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Vilanova, A. (1966). *Los gallegos en la Argentina* [2 vols]. Bos Aires: Ediciones Galicia.

Vilavedra Fernández, D. (dir.). (1995). *Diccionario da literatura galega*. II Publicacións periódicas. Vigo: Galaxia

Vilavedra Fernández, D. (dir.). (2004). *Diccionario da literatura galega* . IV Termos e institucións literarias. Vigo: Galaxia

Vilavedra, D. (2010). Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas: A sintonía de dúas traxectorias literarias. *Grial*, 48(187), 112-119.

**PREMIO ANUAL
OTERO PEDRAYO
PARA
ESTUDANTES DA
ESO E
BACHARELATO**

PREMIO OTERO PEDRAYO PARA ESTUDANTES DE ESO E BACHARELATO 2024-2025

Na categoría de Bacharelato o xurado acordou concederlle o premio a “Bocarribeira”, traballo presentado polas alumnas Marta Bouzo Álvarez e Aldara Rodríguez Rodríguez de primeiro curso de Bacharelato do IES Aquis Querquernis de Bande. A peza audiovisual rende homenaxe á literatura na obra poética de Ramón Otero Pedrayo.

Na categoría de ESO, o xurado decidiu premiar a peza grupal presentada baixo o pseudónimo “O borracho”, un podcast cargado de humor e actualidade traballado sobre un texto teatral de Otero Pedrayo incluído na obra “Teatro de máscaras” (1975). Foi o alumnado de terceiro da ESO do IES Alexandre Bóveda de Vigo quen recolleu o galardón.

Ademais dos gañadores nomeados, o xurado do premio Otero Pedrayo para estudantes concedeu un accesit ao traballo “Fálase tanto... e con tan pouco tino” presentado polo grupo de 4ºESO do IES Brema de Pontedeume. O alumnado converteu en historia ilustrada o conto de don Ramón “O purgatorio de don Ramiro”.

Premio estudantes
gañador
Bacharelato:
<https://youtu.be/>

Premio estudantes
gañador ESO:
<https://youtu.be/>

PREMIO DE ORATORIA EN FORMATO PODCAST ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN AMIGOS DE OTERO PEDRAYO

Sara Alonso e Martina Rodríguez foron as gañadoras da terceira edición do Premio “Ramón Otero Pedrayo” en formato podcast.

O seu traballo “A paisaxe galega como símbolo da nosa identidade” deulles o ben merecido primeiro premio

Premio podcast:
<https://www.youtube.>

PREMIO OTERO PEDRAYO DE RELATO CURTO (PARA ADULTOS)

O sábado 5 de abril, durante a primeira xornada do Abril Oteriano 2025, entregouse o I Premio Otero Pedrayo de Relato Curto a José Nicanor Alonso Álvarez. O seu texto “O rostro de Galicia” recolle a historia de Domingo Fontán e desprende admiración e respecto hacia as figuras de Otero Pedrayo e o propio Fontán.

O ROSTRO DE GALICIA

José Nicanor Alonso Álvarez

José Nicanor Alonso Álvarez (Ourense, 1964) é profesor do Departamento de Matemáticas da Universidade de Vigo. Coautor de traducións ao galego de obras clásicas (Arquímedes, Euclides, Copérnico), e do libro de divulgación científica “Mate-glifos” (editorial Xerais, colección Básicos Ciencia), no eido da literatura acadou co relato “Balbina” o primeiro premiado “VII Certame literario Manuel-Orestes Rodríguez” do concello de Paradela (2001), e coa novela “Apto cum laude” o “Premio Suabia de Novela corta de Humor” (Editorial Suabia, 2021). Ademais ten publicadas dúas novelas, “Osa menor” (editorial Galaxia) e “O kyllix dos deuses” (editorial Toxosoutos).

O rapaz chegou botando o bofe, pero o esforzo compensáballe. Sabía que ía darlle a aquel home a noticia tan ansiosamente agardada, e recibiría en pago unha xenerosa propina. Foi tal. Non ben recibiu a mensaxe, o receptor da boa nova marchou a fume de carozo cara á estafeta de correos, sen esquecer un par de moedas para o mensaxeiro.

Un envío procedente de Francia. O rapaz non sabía ler, de xeito que non souberapreciar o remitente, pero tanto tiña. Só había unha posibilidade. E non ben accedeu ás dependencias do correo o home comprobou que estaba no certo. Imprenta Lemerrier, na rúa Saine 55, París.

Dispuxo todo para que trasladasen as caixas ata a súa vivenda e, conforme quedou só, incapaz de aturar a impaciencia, rachou unha das embalaxes. Logo, con infinito coidado, retirou o pano que cubría o tesouro. E, se ben non era home de emocionarse, non foi quen de reprimir as bágoas.

Que lonxe quedaba aquel día no que comezara o traballo, encomendándose á protección do após-

tolo dende a torre Berenguela da catedral de Santiago! Daquela non podía sequer sospeitar que aquel choio ocuparía dezasete longos anos. Pero maliao tempo de corrido lembraba aquela mañá coma se fora a de onte. Como tamén as xeiras interminables co traballo de campo, percorrendo a cabalo toda Galicia para medir e medir ángulos e distancias mediante o teodolito, repasando cálculos, comprobando coordenadas... Un labor inxente que en gran medida realizara sen apenas axuda, cando non coa manifesta incompreensión de tantos e tantos que o tomaban por tolo. Non, non lle molestaban as burlas dos ignorantes, e sabía que o apoio económico do goberno era máis froito da súa posición como catedrático de Matemáticas Sublimes da Universidade de Santiago de Compostela e deputado do Partido Liberal que compromiso co progreso por parte da rexente María Cristina. O quen aquela época o proía por dentro ata adesesperación era o desdén de fachendosas persoas de ciencia, nomeadamente Vázquez Queipo, que non perdía ocasión de menosprezar o seu proxecto, con inxustas e malévolas insinuacións coas que puña en cuestión a súa honorabilidade.

Un colega, catedrático de ciencias como el, cuestionando o seu traballo por razóns tan peregrinas como usar as medidas modernas! Que quererá este home, matinaba cando as críticas a vivecían, que sigamos calculando lonxitudes en légoas e varas, as áreas en fanegas e os pesos en arrobas? Medidas que cambiaban en función do lugar onde nos atopásemos, xerando tal confusión que calquera mapa elaborado con elas nacía xa con tales eivas que resultaba mellor non perder o tempo debotalle se quera unha ollada de esguello. Por non falar dos que nin se molestaban en realizar medición se atendían o traballo dende un despacho, confiando nas estimacións dos cregos de cada lugar, que comunicaban datos obtidos a ollo, ou conforme ao que a xente manifestaba como certo, que na meirande parte dos casos non era máis ca unha suposición, e mesmo ás veces obedecía a escuros intereses.

Pero claro, non debemos esquecer que este sistema métrico que el fora o primeiro en empregar era unha achega da revolución francesa. E o señor Queipo non desexaba comprometer o seu futuro político quedando ante a raíña Isabel como sospeitoso de revolucionario. Por iso prefería enredar, poñer a venda antes da ferida, aínda que con iso o colocase a el aos pés dos cabalos. Insinuar que ti, Domingo Fontán, que co teu traballo unicamente quixeches honrar ao teu antecesor na cátedra, o mestre matemático Rodríguez, eras un revolucionario! Liberal si, non o negaba, pero tamén defensor da orde, e por suposto condenaba os excesos cometidos en Francia a finais do pasado século, era boa! Pero o sistema métrico decimal só era revolucionario en canto que rachaba radicalmente coas medidas anteriores, nada máis. E un sistema universal de pesos e medidas baseado en criterios birectivos era sen dúbida un avance, viñese de onde viñese. Poñer orde de vez nesta morea de opcións que cal torre de Babel impedíanos en-

tendernos. Por iso el decidira dende o principio facer as medicións sen metros, mal que lle pesase a persoas coma Queipo.

Aínda que para iso tivese que aturar tantas e tantas murmuracións sen dar un chío, mordendo a lingua para non responder como merecían a tantos ignorantes.

Decidiu esquecer de vez lamentos e queixas. Volveu revisar as láminas. Non esaxeraban nin chisco os que pregoaban que Bouffard era o mellor gravador de Europa, que era tanto como dicir do mundo enteiro. Ao cabo, de nada tería servido o traballo do impresor de non contar con litografías de calidade. Bouffarde Lemer cier, gravador e impresor, o mellor dos equipos. E sen rivais de altura esixían un pago acorde a súa valía. Lembra ben o orzamento presentado para aceptar o encargo. Máis de dezaseis mil reais. Un diñeiro que saíra do seu peto, esgotado o creto que o goberno lle concedera, tarde mal e arrastras, sempre escatimando e apoderándose dos primeiros exemplares, aos que apenas puidera botar unha ollada fuxidía antes de ver como os levaban cara a Coruña. Ben mirado, o feito de asumir el mesmo o custo destes novos exemplares permitiríalle facer con eles o que lle petase. Ao cabo era unha vantaxe, pois podería agradecer o apoio das persoas que o animaran durante aquela longa travesía, facelos partícipes do éxito. Aínda que en realidade tratábase de pouca xente. Contados cos dedos das mans sobran dedos. Pero logo de tantas penurias a todos gardaba un agradecemento infinito, sobre todo ao ben querido amigo Otero, que en cada ocasión na que coincidiran preguntara pola marcha do traballo, dando consellos moi atinados, deixando sempre claro que a empresa acabaría coroada polo maior dos éxitos. Es o primeiro que se atreve, Domingo, díxerlle unha das veces. Xamais neste país noso un home de ciencia reuniu azos abondo para aban-

donar o despacho e percorrer os camiños da nosa terra buscando retratala nun mapa no que todos puidesen confiar. Asegúroche que serás recordado no futuro, máis que todos eses fachendosos que pretenden quitarche mérito. Ti confía, que o tempo sempre acaba colocando a cada quen no lugar que lle corresponde.

Querazón tiña benquerido Antonio! Bo amigo e mellor persoa. Militar pero amante da ciencia, sen ideas preconcebidas que tanto freaban o progreso. Recibiríao galano cunha alegría sincera, e sabería apreciálo no que valía. E oxalá acertase e os nosos descendentes soubesen valorar aquel choio como merecía. Non tanto por unha fama que a el como autor tanto lle tiña, pois xamais fora amigo de recibir honras e aplausos, senón porque dese xeito darían uso ao seu traballo, e igual ata decidían melloralo e estendelo ao resto da nación. Si, concluíu, o benquerido Antonio Otero sería o primeiro en recibir unha desas copias. Seguro que atoparía un lugar axeitado onde colocala no seu pazo de Trasalba.

Dende que tivo uso de razón, Ramón devecía porque chegase o verán para abandonar a casada rúa da Paz en Ourense e achegarse a opazo. En Trasalba sentíase libre, gozando do lecer deitado na herba, acompañado sempre dos cans, do Ney, do Bismarck e sobre todo do Maceu, o seu preferido. Pero ademais do íntimo contacto coa natureza e do gozo de ollar aquela paisaxe había outro motivo polo que o rapaz desexaba marchar cara a alí. Algo que contiña a casa grande e que pasaba tempo e tempo observando enfeitizado, atopando cada día algo novo, ou detalles nos que non reparara antes. E aquel obxecto engaiolante non era outra cousa que o mapa xigante que o pai colocara no salón principal. Un conxunto de láminas que ocupaban case toda a parede, cheas de liñas representando montañas e ríos, con nomes de lu-

gares que o rapaz non coñecía, se ben sentira falar en ocasións dalgún deles. Un mapa máis grande có da escola, que nunha das láminas dicía *Carta Geométrica de Galicia*.

Undíao pai sorprendéao, outra volta hipnotizado ollando a marabilla.

—Gústache?

—Moito.

—Sabes que representa?

O rapaz ollar a cara ao pai, asentindo.

—Galicia.

Efectivamente. Regaloullo at eu avó un home sabio, que traballou arreo para recoller nel todos os accidentes da nosa terra. Nunca ninguén o fixera con tanta fidelidade, nin aquí nin en parte ningunha de España. Por iso é un tesouro. E co tempo será teu, para que te lembres de min e mais do avó. Pareceche ben?

Si, si! —respondera o rapaz arregalando os ollos coa emoción. Satisfeito, don Enrique marchara sen máis comentarios.

Ano sadiante, aquel rapaz curioso, convertido xa en don Ramón Otero Pedrayo, lembraba de cando en vez aquela conversa ao contemplar no pazo de Trasalba a *Carta Geométrica de Galicia* de Domingo Fontán que herdara do pai. O mapa que el mesmo bautizara como *O rostro de Galicia*.



NORMAS DE ENTREGA DE ORIXINAIS PARA PUBLICACIÓN FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO

TRASALBA. REVISTA DA FUNDACIÓN RAMÓN OTERO PEDRAYO É UNHA PUBLICACIÓN ANUAL QUE RECOLLE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN CENTRADOS EN DISTINTOS ASPECTOS DA LINGUA, CULTURA E A LITERATURA GALEGAS, E MAIS OUTROS CONTRIBUTOS VARIOS SEMPRE ARREDOR DA FIGURA DE RAMÓN OTERO PEDRAYO.

AS PERSOAS INTERESADAS EN ENVIAR ARTIGOS PARA A SÚA PUBLICACIÓN EN TRASALBA E EN PARTICULAR NA SECCIÓN TITULADA “ARTIGOS ACADÉMICOS”, DEBERÁN SEGUIR AS SEGUINTE NORMAS, DAS QUE SÓ QUEDARÁN EXCLUÍDAS OS TRABALLOS PRESENTADOS A CONCURSOS LEVADOS A CABO POLA FUNDACIÓN E QUE OBTIVISEN PREMIOS OU ACCÉSITS, E QUE SE EDITARÁN MANTENDO A ESTRUTURA COA QUE FORON ENVIADOS E OBXECTO DE GALARDÓN E ASEMADE, ARTIGOS DA SECCIÓN “HEMEROTECA” QUE POSÚAN CARACTERÍSTICAS DIFERENTES ÁS DE PUBLICACIÓNS ACADÉMICAS PROPIAMENTE DITAS:

1. De cada traballo presentárase unha copia en soporte informático en formato Word e outra en .pdf, que deberán ser remitidas debidamente identificadas. O corpo utilizado nos parágrafos normais do texto será 12.
2. O texto deberá entregarse en versión definitiva. Unha vez entregados os orixinais non se lle permitirá ao autor ou autora facer modificacións nin engadidos que afecten significativamente ao proceso de edición. Antes de calquera proceso definitivo de edición, remitiranse aos autores as primeiras probas para corrixir. Admitiranse só correccións tipográficas e ortográficas e, sempre a xuízo dos editores, aqueles engadidos ou eliminacións de texto que non afecten á maqueta da publicación.
3. Dentro do texto e das notas, as referencias bibliográficas faranse de xeito abreviado, por medio do apelido do autor ou autores, o ano e, de ser o caso, o número da páxina, coma nestes exemplos: (Ferreira 1989: 47), (Ferreira/Amoedo 1999: 17n), (Ferreira 1996b). A referencia completa reservarase para a bibliografía final.
4. As citas textuais que se fagan dentro do texto principal deberán adoptar dous formatos diferentes: se non superan as cinco liñas irán dentro do parágrafo, co mesmo tipo de letra, entre comiñas latinas; as citas máis longas poñeranse en parágrafo á parte, sen comiñas, con sangría pola esquerda e letra de corpo 10. En ningún caso se escribirán con cursivas.
5. As notas do texto principal situaranse ao pé e estarán numeradas de xeito correlativo, en corpo 10. Non se incluírán aquí as referencias bibliográficas por extenso.

6. Ao final, incluíranse por extenso as referencias bibliográficas das obras citadas ao longo do texto baixo o título BIBLIOGRAFÍA ou REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS. As fichas bibliográficas faranse seguindo estes modelos (segundo se trate de libros, capítulos de libro, artigos de revista, publicacións electrónicas ou recursos web). Exemplos:

BOUZADA, Xan / Anxo LORENZO (1997): *O futuro da lingua*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

WALASZEK, Adam (2005): «Mass Migrations: Their Economic, Political and Cultural Implications», *Prze-glad Polonijny*, XXXI:1, 7-16.

LAMUELA, Xavier / Henrique MONTEAGUDO (1996): «Planificación lingüística», en Milagros Fernández Pérez (coord.), *Avances en lingüística aplicada*, Santiago de Compostela, Universidade, 229-301.

KÖVECSES, Zoltan (2001): «A cognitive linguistic view of metaphor and therapeutic discourse», *PSYART: A Hyperlink Journal for the Psychological Study of the Arts* (http://www.clas.ufl.edu/ipso/journal/2001_kovecses01.sht).

TILG = Ana Isabel BOULLÓN AGRELO / Xulio SOUSA FERNÁNDEZ (coord.):

Cartografía dos apelidos de Galicia, Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/cag/>) [última consulta: decembro, 2012].

7. Táboas / cadros. Realizaranse utilizando o comando específico de «edición de táboas». As táboas ou cadros deben cumprir as seguintes normas: 1) irán numerados correlativamente (Táboa 1, Táboa 2, etc.); 2) levarán un encabezamento conciso. Farase referencia ás táboas ou cadros no texto principal. Exemplo: (Vid. táboa 1).

8. Gráficos. Presentaranse orixinais con calidade para ser dixitalizados. Tamén se poden presentar nun arquivo informático (preferentemente Excel). Neste caso recoméndase incluír na mesma páxina o gráfico e mais a táboa de datos. Sempre irán numerados de xeito correlativo (Gráfico 1, Gráfico 2, etc.). Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Vid. gráfico 1).

9. Fotografías, ilustracións, mapas, planos. Poderán presentarse orixinais con calidade dabondo que permita a súa dixitalización polo persoal da Fundación Otero Pedrayo. Se o autor prefire presentar arquivos informáticos, recoméndase cumprir os seguintes parámetros:

- *Mapas, debuxos, planos, gravados*: a dixitalización farase en «modo liña» ou «mapa de bits» (non se recomenda o modo «escala de grises»); a resolución será de 1200 ppp.
- *Fotografías*: dixitalizaranse cunha resolución de 300 ppp. Resolucións inferiores a 225 ppp non son recomendables.

Recoméndanse os seguintes formatos de arquivo: .TIFF, .EPS, .JPG.

Irán numerados de xeito correlativo (Fig. 1, Fig. 2, etc.) con números arábigos.

10. Os orixinais que non se suxeiten ás anteriores normas poderán ser devoltos aos seus autores para a súa corrección.